



Revista da Rede Galega  
de Teatros e Auditorios

Nº 1 / marzo 2007

### Fórmula Sarabela

Sarabela Teatro leva 26 anos creando e dándolles vida propia aos máis enfeitizadores personaxes que a literatura nos ten presentado sobre o papel

### Manuel Lourenzo

**O TEATRO**  
TEN QUE SER  
UNHA **NECESIDADE**  
**SOCIAL**

### Nut Teatro

**OLOR A NOVO**

Pola arte  
**da maxia**

Os magos galegos únense  
para sorprenden aínda máis



# UNIDADES DE PRODUCCIÓN DO IGAEM

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO  
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO



## CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO VACUO

Dirección e coreografía: Maruxa Salas

2 de marzo. Narón. (AUDITORIO MUNICIPAL)  
6 de marzo. Ferrol. (TEATRO JOFRE)  
10 de marzo. Lugo. (AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE)  
11 de marzo. Ribadeo. (AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL)  
17 de marzo. Cangas de Morrazo. (AUDITORIO MUNICIPAL)  
31 de marzo e 1 de abril. Ourense. (TEATRO PRINCIPAL)  
13 de abril. Barcelona. (TEATRO SANT ANDREU TEATRE)  
26 de abril. Arteixo. (AUDITORIO DO CENTRO CÍVICO)  
27 de abril. Carballo. (PAZO DA CULTURA)  
30 de abril. Valencia. (L'ALTRE ESPAI)  
8 de xuño. León. (FESTIVAL EL TABLETO DE LA CIGÜEÑA)

## CENTRO DRAMÁTICO GALEGO TARARÁ-CHIS-PUM!

Dirección: Artello-Teatro Alla Scala 1:5  
(Rosa Hurtado e Santiago Montenegro)

3 de marzo. A Coruña. (FÓRUM METROPOLITANO)  
Marzo: 10 | 11 | 17 | 18 | 24 | 25 | 31  
Santiago de Compostela. (SALÓN TEATRO)  
20 e 21 de abril. Narón. (AUDITORIO MUNICIPAL)  
28 de abril. Foz. (AUDITORIO MUNICIPAL)

## A PIRAGUA

Autor e director: Cándido Pazó

Abril: 13 | 14 | 15 | 20 | 21 | 22 | 27 | 28 | 29  
Maio: 4 | 5 | 6 | 11 | 12 | 13  
Santiago de Compostela. (SALÓN TEATRO)  
17 de maio: Ourense. (TEATRO PRINCIPAL)  
19 de maio: Vigo. (CENTRO CULTURAL CAIXANOVA)  
25 de maio: O Barco de Valdeorras. (TEATRO M. LAURO OLMO)  
1 de xuño: Noia. (TEATRO COLISEO NOELA)  
16 de xuño: Cangas de Morrazo. (AUDITORIO MUNICIPAL)  
22 de xuño: O Barco de Valdeorras. (TEATRO M. LAURO OLMO)  
29 e 30 de xuño: Narón. (AUDITORIO MUNICIPAL)



TEATRO GALEGO

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego  
das artes escénicas  
e musicais

centro  
coreográfico  
galego

centro  
dramático  
galego

Ola! Aquí estamos. Somos PARAÍSO, a revista coa que queremos informarte, dúas veces ao ano, de toda a oferta de espectáculos de teatro, música, danza, maxia e monicreques que vas ter oportunidade de ver dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Queremos darche toda esta información, e moita outra. Nas nosas páxinas poderás ir coñecendo os nosos actores e actrices, saber máis das nosas compañías, poñerlles cara aos nosos artistas, informarte das novidades de cada semestre e das noticias que vaian xurdindo...

A nosa é unha proposta que pretendemos atractiva, cómplice, amena, dirixida a xente coma ti. Queremos axudarche a que teñas máis información sobre toda a variedade de espectáculos dos que vas poder gozar, que estas ao tanto da nosa programación musical e escénica. E poderás atoparnos, de balde e a partir de agora, en todos os teatros e auditorios adscritos á RGTA, o circuíto de espectáculos de artes escénicas e musicais creado polo IGAEM, da Consellería de Cultura e Deporte, xunto con 45 concellos de todo o país, co obxectivo de lles chegar as propostas dos nosos artistas e creadores aos cidadáns.

Agardamos verte a miúdo, serche útil, que nos levas para a casa e nos leas porque si, porque che apetece. Que comprobemos quen era quen despois de vir do teatro, que releas a entrevista a este ou aquel director despois de ver a obra da que fala, que che interese saber quen é o mago que vai estar no auditorio a semana que vén ou a compañía de monicreques que queres ir ver cos nenos.

Os mundos apaixonantes, dinámicos, atractivos e diversos da danza, o teatro, a música e a maxia de Galicia irán pasando por estas páxinas, coa intención de que ti os coñezas máis e mellor e de informarte, sempre que queiras, de que é o que fan, cando o fan e onde o fan.

Contamos contigo para que tomes o teu lugar neste PARAÍSO particular, que non ten butacas nin está no último piso do teatro, pero que che brinda o punto de vista sempre privilexiado dunha atalaia desde a que poidas exercer a túa liberdade.

**PARAÍSO** é unha revista bianual de información e promoción das actividades da Rede Galega de Teatros e Auditorios que se distribúe de xeito gratuito en espazos escénicos galegos.

EDITA: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. Consellería de Cultura e Deporte.

PRESIDENTA: Ánxela Bugallo Rodríguez.

VICEPRESIDENTE: Luís Bará Torres.

XERENTE: Miguel Martín Fernández.

COORDINACIÓN E CONTIDOS: Área de Comunicación do IGAEM.

TEXTOS: Noelia Hermida, Xavier Campos, Ana Rosales.

COLABORAN NESTE NÚMERO: Camilo Franco, Pedro F. Roque.

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Ramiro Combo.

FOTOGRAFÍAS: Xenaro M. Castro, Ovidio Aldegunde, Uqui Permui, Héctor Castro, Xosé Reigosa, cesións de compañías e arquivo do IGAEM.

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Uqui IIIII Cebra.

Impresión: Litonor.

Tiraxe: 6.000 exemplares.

I.S.S.N.: en tramitación / D.L.: C 963-2007



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE



instituto galego  
das artes escénicas  
e musicais

IGAEM Rúa da Vesada s/n.  
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127  
igaem@xunta.es / www.igaem.xunta.es



ENTREVISTA  
**Manuel Lourenzo 8-11**

**Fórmula Sarabela 4-7**



**Nut Teatro 12-13**

**Cuestionario. Salas de teatro privadas 14-17**

**Ponte en escena:**  
programación xaneiro-xuño 07 18-26



**Comentario. Camilo Franco: O quinto elemento 29**

**Facendo público para a danza 30-33**



**Pola arte da maxia 34-37**

**Comentario. Pedro F. Roque:**  
*Evolución artística e proxección 39*

**Breves / Dende o paraíso 42-43**



## OS HOMES SÓ CONTAN ATÉ TRES

A Factoría Teatro

Autor: Antón Lopo / Dirección: Cristina Domínguez  
Elenco: Nuria Gullón, Mónica García, Alfredo Rodríguez e Antonio Salgado / Xénero: Teatro de actor.

Luísa e Helena son dúas irmás moi unidas que conviven no mesmo apartamento. A primeira delas, Luísa, é unha autora teatral de éxito, independente e segura de si mesma. Helena, mentres, vive dedicada aos labores do fogar sen renunciar á súa afección secreta por escribir. A aparición de Nico, un actor fermoso e intelixente do que Luísa se namora, romperá en anacos a relación entre as irmás. O achegamento entre o mozo e Helena, en ausencia de Luísa, será algo máis que pasional.



## CASTRONÓS. O BAILE

A Factoría Teatro

Autor: Xavier Picallo / Dirección: Xoán Cejudo  
Elenco: Rocío González, Alfredo Rodríguez, Toño Salgado, Marcos Correa / Bailarinas: Carmela Bueno e Olga Cameselle. Solista: Uxia Pedreira / Músicos: Pedro Pascual e Pablo Pascual / Xénero: Teatro de actor.

Da man de tres xeracións dunha mesma familia emprendemos unha viaxe polos últimos cen anos da historia de Galicia, dende o Rexurdimento ata a actualidade, a través de varias figuras históricas que se van contraponendo ás experiencias persoais dos protagonistas.

Un trenzado de músicas, danza e fala que nos leva incluso ata o outro lado do Atlántico para tentar debuxar e comprender dun modo didáctico o pasado, presente e futuro dun país.



## FINAL DE PELÍCULA

Ancora Produccións

Autor: Gustavo Pernas / Dirección: Gustavo Pernas  
Elenco: Ánxela G. Abalo, Vicente de Souza, Fernando Morán, Xabier Deive, Estíbaliz Veiga e Marcos Pereiro  
Xénero: Teatro de actor.

Catro espectadores que non se coñecen asisten á proxección dun filme alemán subtítulado que se interrompe cando está a piques de rematar. Mentres esperan a reposición da longametraxe, que xira ao redor dunha rapaza inmigrante turca que traballa na casa dunha familia alemá, comezan a especular sobre os posibles desenlaces da historia, deixando ao descuberto cadanseus caracteres e ideoloxías. A intriga aumenta cando entra na sala de cinema unha muller, de orixe colombiana, fuxindo dun descoñecido e cunha vida moi semellante á da protagonista do filme.

LEVAN 26 ANOS CREANDO E DÁNDOLLES VIDA PROPIA AOS MÁIS ENFEITIZADORES PERSONAXES QUE A LITERATURA NOS TEN PRESENTADO SOBRE O PAPEL, QUE DA SÚA MAN SE ACHEGAN Á REALIDADE. CONVERTIDOS EN AUTÉNTICOS NARRADORES E PROTAGONISTAS DE HISTORIAS, O EQUIPO HUMANO QUE LLE DÁ NOME A SARABELA TEATRO LEVA MÁIS DE DÚAS DÉCADAS ABRINDO CAMIÑO, E CHEGA A 2007 CUN TOTAL DE CINCO ESPECTÁCULOS EN CARTELEIRA, CATRO DELES PRESENTES CON NADA MENOS QUE 20 FUNCIÓNS NA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS.

FÓRMULA

SARABELA

«SOMOS UN EQUIPO MOI COHESIONADO QUE AMA REALMENTE O QUE FAI»

¿Onde está, pois, o seu segredo? ¿Cal foi a súa fórmula para non só sobrevivir aos contratemplos deste oficio, senón para conseguir ser toda unha referencia no teatro galego actual?

Ánxeles Cuña Bóveda, directora e fundadora de Sarabela en 1980, achéganos ao que podería ser o recetario da compañía e, nel, sinala como principal ingrediente da súa andaina, “un camiño moi reflexionado”, di, o grupo de persoas que a compoñen.


“Somos un equipo moi cohesionado que ama realmente o que fai, comprometido e en busca continua dos enigmas agochados da nosa condición, –explica–, cunha capacidade de traballo e un nivel de exixencia brutal que deixamos a pel no que facemos, con moitísima honestidade”.

Ese potencial de traballo a que apunta Ánxeles Cuña é o xermolo da incesante creatividade do grupo, unha das súas ra-

zóns de ser. “A nosa compañía está moi comprometida co tempo que vivimos, é estable en todo menos no espazo. Non temos espazo propio porque sempre investimos todo na creación. Hai un equipo de creadores excelente, toda unha mina de personalidades”, indica a directora.

Sarabela coida ao máximo todo o proceso de produción das súas montaxes e a súa dirección artística, sempre aberta a novas ideas. “Exploramos moitas linguaxes, na procura dunha liña estética propia con signos identificables pero nunca instalándonos nunha única vía de exploración”, di Cuña, que engade que cada proxecto da compañía está “moi pensado”, por iso o seu repertorio recolle pezas dun amplo abano de autores.

A este respecto, a tamén dramaturga recorda que obras como *A esmorga*, de Blanco Amor, ou *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas, marcaron un punto de inflexión na traxectoria da formación



que as levou á escena, igual que *Así que pasen cinco anos*, de Lorca, ou *Tics*, unha obra de forno propio. Todas elas dotaron o seu teatro dunha estética definida. “Con estes traballos conseguimos coherencia, estilo, espectáculos sempre moi visuais que buscan o equilibrio fondo-forma, con espazos moi vibrantes pero deixando un oco ao entretemento”, comenta.

Unha concepción do teatro que semella contar co recoñecemento do público e a crítica que converteron a Sarabela nunha habitual dos premios María Casares de teatro.

“O mellor premio é ser merecente deles, o que che dá, ás veces, ata vertixe, unha necesidade de compromiso permanente pero, tamén, máis nivel de exixencia porque nunca hai garantía”, apunta ao respecto Ánxeles Cuña. “Se fas moito do mesmo, sabes que iso funciona, pero estamos máis polo risco permanente que,

aínda que é moi estimulante, tamén é difícil de manter”, di.

Pero se hai un aspecto que define a esta compañía ourensá é a súa vinculación co mundo da docencia e a formación nesta arte, onde está o seu berce, posto que a formación naceu no ámbito escolar e, tras un período como grupo independente, profesionalizouse nos anos 90. Froito desa ligazón, naceu a Aula de Teatro Universitaria e toda unha ampla diversificación de actividades docentes neste eido.

Contrarios á limitación de repertorio, “porque iso suporía unha pobreza”, considera Cuña, Sarabela Teatro fornece o teatro galego con cada un dos seus proxectos ou dende calquera dos escenarios aos que leva as súas montaxes.

Porque, en palabras da súa directora, “é coma unha árbore, cun tronco común pero repleta de pólas”.

### SE HAI UN ASPECTO QUE DEFINE A ESTA COMPAÑÍA OURENSÁ É A SÚA VINCULACIÓN CO MUNDO DA DOCENCIA E A FORMACIÓN



#### PERÓN, PERÓN

A Internacional

Autor: Jorge Rey / Dirección: Jorge Rey / Elenco: Begoña Sánchez, Carlos Clemente, Borja Insua, Alfredo Padilla, Jorge Rey / Xénero: Teatro de actor.

Espectáculo que mestura o mito de Prometeo coa figura de Perón e no que se fai unha revisión político-social da vida da Argentina dos últimos vinte anos.

+info en: [www.titerescachirulo.com](http://www.titerescachirulo.com)



#### O GRANDE CRIADOR

Compañía do Chapitô

Autor: Creación colectiva / Dirección: Creación colectiva / Elenco: Jorge Cruz, José Carlos García e Rui Rebelo / Xénero: Teatro de actor.

¿Deus creou a Adán e Eva, ou simplemente os atopou? ¿Cal foi a mazá que Eva probou? ¿Os animais van ao ceo? ¿Será que Darwin tiña razón? ¿Será que a falta de espazo na arca de Noé foi a verdadeira razón da desaparición dos dinosauros? Oración devota: bondade humana ou suborno. ¿Cal das calidades fixo que Moisés se achegase a Deus? ¿Foi Moisés un dos grandes alpinistas da súa xeración?



#### ZARDIGOT

Espello Cóncavo

Autor: Euloxio Ruibal / Dirección: Arturo López / Elenco: Sara Casanovas, Ana Santos, Manu Fernández, Xavier Pan, Oswald Digón, Tuto Vázquez, X. C. Mejuto, Rodrigo Roel, X. L. López “Sacha”, Xavier Deive / Xénero: Teatro de actor.

Alegato contra a guerra que nos amosa a transformación e posterior destrución do contorno persoal e social dunha muller, Estrela, unha ama de casa sen máis inquedanzas que a súa familia. Unha guerra fratricida, de exterminio, que rompe con todos os valores de convivencia e que extrae o peor da condición humana: a violencia irracional. A través do exilio de Estrela, vemos como a guerra é especialmente cruel cos máis febles e indefensos e, mesmo, con ela, que non se salvará. É muller.



## ARTE

## Fulano, Mengano e Citano

Autora: Yasmina Reza / Dirección: Celso Parada  
Elenco: Manuel Álvarez, Xosé M. López Conde e Manuel Pombal / Xénero: Teatro de actor.

Serxio acaba de mercar un cadro totalmente branco, que lle custou unha morea de cartos. O seu amigo Marcos, que odia a arte moderna, non comprende que a alguén se lle poida ocorrer pagar por “semellante trapallada”. Entón intervén Iván, o terceiro en discordia, que intenta mediar entre ambos os dous pero acaba metido no enredo. Humor ácido e brillante para amosarnos curiosas actitudes ante a vida.

+info en: [www.fulanomenganocitano.com](http://www.fulanomenganocitano.com)



## O FARO

## Fulano, Mengano e Citano

Autores: Xosé Manuel Conde, Manuel Botana e Manuel Pombal / Dirección: Xosé Manuel Conde, Manuel Botana e Manuel Pombal / Elenco: Xosé M. López Conde, Manuel Botana e Manuel Pombal / Xénero: Teatro de actor.

Faustino, fareiro por oposición, ten que ausentarse durante uns días por motivos inconfesables. Como na Dirección Xeral de Costas, Faros e Peiraos non lle dan permiso, deixa no seu posto un “interino clandestino”, amigo seu, home do interior, que non viu un faro na súa vida. ¿Que problema pode haber? Faro de última xeración, automatizado, tecnoloxía de sete estralos e gobernado dende fóra. Xorden así unha serie de situacións esperpénticas que van transformando a historia ata chegar a un final sorprendente e inesperado.

+info en: [www.fulanomenganocitano.com](http://www.fulanomenganocitano.com)



## AS ÚLTIMAS LÚAS

## Lagarta Lagarta

Autor: Furio Bordon / Dirección: Xulio Lago  
Elenco: Ernesto Chao, Rosa Álvarez e Artur Trillo  
Xénero: Teatro de actor.

Segundo o autor, teatro comprometido, divertido e de forte compromiso humano e social. Con delicado humor e inmensa tenrura, ofrécenos unha mirada sería e serena sobre aqueles pasos tan fundamentais no noso transitar pola vida, como son a senectude e a morte. Así, deixa caer sobre o espectador algunhas interrogantes sobre o papel dos “vellos” na sociedade actual, e a súa imaxe nunha paisaxe humana e social en que se lles fai sentir coma un obstáculo que está a impedir a felicidade dos outros.

# QUEEN E' QUEEN

## O EQUIPO DE GOBERNO DE SARABELA

**Fina Calleja**  
[Ministra de Industria]

Actriz. Dramaturga. Integrante da compañía desde 1986. Distribuidora dos espectáculos. Relacións públicas da MITEU.

**Tito R. Asorey**

Actor contratado pola compañía desde o ano 2000. Dirixe o obradoiro de teatro da ONCE.

**Sabela Gago**  
[Ministra de Educación]

Actriz cofundadora da compañía. Campañas de animación á lectura e teatro infantil

**Ánxeles Cuña Bóveda**  
[Presidenta]

Directora de Sarabela Teatro. Fundadora da compañía en 1980. Dramaturga.

Fundadora da Aula de Teatro Universitaria de Ourense.



## SARABELA VISTO POR SARABELA

## Os espectáculos

**A GATA CON BOTAS**

(2004), de Ánxeles Cuña Bóveda, a partir do conto de Perrault.

Dirección: Ánxeles Cuña.

Sentimos a necesidade de liberar os personaxes do pasado e confrontalos co tempo que estamos a vivir hoxe. Todos os nenos e nenas coñecen o conto, entón podemos variarlo e xogar con eles. Limpar xuntos a mirada. Atopámonos co mito e co conto. Queremos dirixirnos a espectadores de todas as idades, con sensibilidade.

**O HEROE**

(2005), de Manuel Rivas.

Dirección: Ánxeles Cuña.

*O HEROE* é sorprendente, non permite a indiferenza, resulta unha auténtica «labarada ás consciencias»; transfere aos peitos alleos esas paixóns propias dos personaxes, provocando un pracer purificador de fonda pegada.

**Suso Díaz**

[Ministro de Novas Tecnoloxías]

Actor. Escenógrafo. Iluminador. Integrante da compañía desde 1988. Xefe técnico da compañía.

**Josito Porto**

Actor contratado pola compañía desde o ano 2000.

**Yuri**

Músico contratado para *Magar no pazo do tempo*.

**Elena Seijo**

[Ministra de Economía e Facenda]

Actriz cofundadora da compañía. Produtora. Coordinadora da MITEU\*

**Fernando Dacosta**

[Ministro de Asuntos Exteriores]

Actor. Dramaturgo. Integrante da compañía desde 1986. Director da Aula de Teatro Universitaria de Ourense, a MITEU e a MOTI\*\*

\* MITEU: Mostra Internacional de Teatro Universitario.

\*\* MOTI: Mostra de Teatro Infantil.



**NON É TAN FÁCIL**

Malasombra. Pontevedra

Autor: Paco Mir / Dirección: Marcos Orsi  
Elenco: Xoque Carvajal, Pablo Alvarado, Sandra Lesta  
Xénero: Teatro de actor.

Comedia escrita polo popular actor Paco Mir, galardoada con máis de 16 premios, entre eles o Max. A obra relata o que é romper unha relación de parella. Logo de sete anos de amor, Quique quere deixar a súa noiva Andrea, pero non sabe como. Decide buscar apoio e consello nun camareiro, Lucas, co que irá repasando un feixe de disparatados xeitos de romper a relación sen facerlle dano, pero comprobarán que non é tan doado.



**ASALTO DE CAMA**

Máscara Producións

Autor: Juan Luis Mira / Dirección: Xerome Calero  
Elenco: Marco Antonio Álvarez, María Álvarez, Xerome Calero, Verónica Codesido e Pablo Puga  
Xénero: Teatro de actor.

Comedia puxilística en seis asaltos e medio. Ao principio foi o sorriso, pero dende que o mono e a mona –tanto mona, mona tanto– deixaron de berrar entre dentes e substituíron o “descojone” selvático pola verticalidade civilizada, isto é un continuo devir de ovarios e ovos revoltos. A guerra dos mundos, a guerra dos sexos. Todo un reto. Meter nun cuadrilátero das paixóns o home e a muller é organizar un combate de luva branca e lenzaría sexi.



**SEMPRE AO LONXE**

Mofa e Befa

Autores: Kiko Cadaval, Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz / Dirección: Kiko Cadaval  
Elenco: Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz  
Xénero: Teatro de actor.

Volta ao humor acedo e crítico deste par de actores que nos fan reflexionar sobre a conformación multiétnica da sociedade actual. Unha variada mostra de diferentes e singulares etnias, cunha renovada carga musical, para amosarnos que a convivencia entre culturas, razas e modos de pensar é posible. Todo isto amenizado coa música de Piti Sanz, desta vez máis presente.

+info en: [www.emedous.com](http://www.emedous.com)

**MACBETH**

(2006), de William Shakespeare

Dirección: Helena Pimenta.

*MACBETH* e a súa esposa, movidos por unha ambición sen límites morais, conseguen o trono mediante o asasinato, desatando un inferno que non son quen de controlar. Macbeth é demasiado ambicioso para que a súa conciencia impida o asasinato e ten demasiada conciencia para ser feliz como asasino. Soñando coa inmortalidade asasina a verdade e a liberdade, a súa e a de todos.

**CRISTOVO E O LIBRO DAS MARABILLAS**

(2007), de Fina Calleja.

Dirección: Fina Calleja.

*CRISTOVO* consegue o feitizo de transportarnos a paraísos agochados no noso imaxinario. Entre o divertimento e a posesía, as olladas dos nenos confúndense coas dos adultos.

**MAGAR NO PAZO DO TEMPO**

(2007), de Ánxeles Cuña Bóveda.

Dirección: Ánxeles Cuña.

Espectáculo que ofrece a posibilidade de gozar e observar dende distintos ángulos unha historia excitante e actual, unha sátira única sobre o progreso humano.

É UN DOS PRINCIPAIS REFERENTES DO TEATRO ACTUAL EN GALICIA, AO QUE LLE LEVA DEDICADA A MAIOR PARTE DA SÚA VIDA. **MANUEL LORENZO** (FERREIRA DO VALADOURO, 1943) COÑECE TODAS AS FACETAS DESTA ARTE. ESTE PROLÍFICO AUTOR, DIRECTOR, ACTOR E TRADUTOR DE OBRAS TEATRAIS, REIVINDICA QUE O TEATRO TEN QUE SER UNHA NECESIDADE SOCIAL, AO TEMPO QUE CONFESA QUE O SUBMARINISMO OU A ARQUEOLOXÍA FIGURAN ENTRE OS SEUS PASATEMPOS FAVORITOS

# MANUEL LORENZO

«O TEATRO  
TEN QUE  
SER UNHA  
NECESIDADE  
SOCIAL»







### ¿Que significa o teatro na súa vida?

Ía dicir todo, pero non, porque teño fillos e... (sorrí). Para min é toda unha fonte de pracer e de coñecemento inmenso e un dos motivos polos que me gustaría prolongar a vida o posible para poder crear, gozar, ler e ver máis teatro, seguir escribindo e dirixindo, e saír ao escenario moitas máis veces. É un acto de recoñecemento de ti ante os outros, todo un dispendio de creatividade que o é todo. ¡Que máis se pode pedir!

### E na sociedade, ¿que achega?

O humano. O teatro achega lexibilidade á vida, presenta comportamentos, e nós tere-

mos que dilucidar se utilízalos como nosos. Aprender deles, discutilos. O teatro é unha escola de discusión. Iso é o que ten de distinto co cinema, no que consumimos aquilo que nos mostra, enchémonos de beleza ou de barbarie (que é, polo xeral, o que nos ensina certo cinema) e imos para a nosa casa pensando que, por exemplo, ¡Agamenón morreu en Troia! Así, a metade da nosa cultura desaparece.

Eu non creo nese teatro de “mañá estrea, haberá croquetas e irá fulano de...”. Trátase de algo máis interesante ca iso; é un encontro entre persoas que queren saber o que pasa e como son as cousas, e iso é o que debe provocar no espectador.

**«EU NON CREO  
NESE TEATRO DE  
MAÑÁ ESTREA,  
HABERÁ CROQUETAS  
E IRÁ FULANO DE...»**

### ¿Esa é a maxia desta arte?

Eu non lle chamaría así. Maxia é, por exemplo, a comedia italiana, ese ritmo, esa harmonía, eses trucos..., quizais iso sexa maxia. O outro é convicción: convéncete porque, aínda que saibas que non é real, estás gozando con esa reprodución artística.

### ¿Como andamos de público?

Andamos á pata coxa. O público vai se atopa algún motivo para ir. Xa non é só a situación do teatro galego por ser galego. En xeral vivimos nunha sociedade en que todo está fragmentado, relativizado, e o teatro require de repouso, de elección. Ir porque elixes ir e non porque hai croquetas despois.

**¿Non hai demanda, entón?**

Eu diría que non hai un público teatral recoñecible. Pode ir moita xente a unha función pero, ¿por que? ¿Pola croqueta, pola obra ou polos actores? Eu non teño clara a necesidade social do teatro; non está contrastada e eu creo que era o momento de facelo. ¿Que quere encontrar a xente no teatro?

**¿Como se pode fomentar esa paixón polo teatro?**

Coa cultura en xeral, na escola e na casa. Que houbese un pouquiño máis de paz en xeral, máis tempo, máis contacto entre as persoas que teñen algo que contar: pais, mestres, alumnos... Precisamos de tempo para a cultura, ser un pouquiño máis escandinavos.

**¿Significa iso que non se está promovendo ben?**

É que tería que ser toda a vida. Non facer que, por exemplo, un investigador teña que emigrar a Massachussets porque aquí non ten posibilidades de investigar unha vacina. Temos que saber que recursos hai, como incentivos, valoralos, como enriquecerse con

**«PRECISAMOS DE TEMPO PARA A CULTURA, SER UN POUQUIÑO MÁIS ESCANDINAVOS»**

eles (non só no sentido monetario). Vivimos nun momento en que mesmo dende as instancias políticas se valora o economicismo sobre outras cousas.

**¿Así definiría vostede a situación actual do teatro en Galicia?**

Non o sei. Primeiro porque estou dentro e é moi difícil ter unha perspectiva de todo. Ademais, hai bastante teatro pese a que nos parece sempre pouco. Si podo dicir que a cousa ben non está porque a situación paréceme igual que hai trinta anos. Hai moito máis teatro, pero está na mesma situación de discriminación e minusvalorización. A consideración social parece a mesma. Unha sociedade sen teatro está desvertebrada.

**Cando se senta a escribir, ¿en que se inspira?**

En mil elementos. A arte imita a arte. Ás veces inspírome noutras obras, na historia, no mundo diario, en algo que ves; as impresións son constantes na vida e os recordos tamén, as reminiscencias, e todo pode servir para un tema teatral. O recoller forma parte da biografía de cada un.

**É vostede un prolífico autor teatral.****¿Existe algún trazo común nas súas obras?**

Eu tiña unha preocupación moi grande porque cada cousa que escribía non se parecía en nada á anterior. Pensaba “eu non teño personalidade porque non teño estilo nin nada”. Preocupábame moito iso. Claro, estudaba o estilo, a literatura, nada se me parecía a nada e andaba á procura de cousas. Un día decateime de que buscar é maravilloso. Quen non ten sorte de encontrar, busca e, ás veces, aparece un tesouro maravilloso. Entón atrápalo, falo teu e... A última crítica que lin sobre min dicía que a miña obra era unha suma de estilos e formas de presentar a realidade. O que a min me pasou foi que non me ancorei, e iso é unha riqueza. Ben é certo que eu escribín algunha obra de tema clásico, pero iso non quere dicir que o meu teatro estea aí.

**¿A traxedia grega é o espello, o canon a seguir?**

Eu, cando estou inseguro, recorro e ela e digo para min: “tranquilo que isto non morre, que isto está aquí”. Os grandes conflitos humanos están alí e iso non morre. Para iso



vale o teatro. É unha tribuna pública, o mellor parlamento. Se non, non compensa molestarse, porque para entreterse basta un baile, no que ademais podes participar.

**Actualmente dirixe o estudio teatral Casa Hamlet. Para os que comezan, ¿que é o primeiro que se ensina?**

A facelo todo. Así aparecín eu en varias obras de teatro, varrendo. A xente ríase moito, e ¿por que? O primeiro que hai que facer é varrer, porque hai moita merda, e non é unha metáfora. Os escenarios ás veces non están moi limpos e os actores sofren nos seus corpos as consecuencias do po. Despois a instalar as cousas. Un actor debería saber de todo. Eu estou moi orgulloso desa escola. O actor que chega ao camerino, se pinta e se viste para saír ao escenario, nunca vai saber nada. Pode ter todos os cursos que queira pero non vai saber nada. Eu creo que é necesario o contacto coa vida e esa palabra que se chama profesión deixala para o final. Se ao final da túa vida e da túa carreira tes traballado a conciencia, podes considerarte un profesional. Pero non se é profesional ao abrir a porta, porque iso hai que demostralo.



## MANUEL LOURENZO SEN TEATRO

**¿Que fai cando non escribe?:** Traballo, descanso, fago outras cousas que me dan moito pracer. Gústame a arqueoloxía, gozar da natureza, estar cos fillos e cunha neta maravillosa que teño, cos amigos, viaxar algo...

**Outras paixóns ademais do teatro:** O submarinismo e a arqueoloxía.

**¿Que lle dá o mar? ¿Está moi vencellado a el?:** Eu son de terra adentro, pero sempre preguntaba que había detrás dos montes, onde estará o mar. E o mar estaba detrás dos montes, por iso sempre o busco aí. E gústame subir a unha pena que se chama A Frouxeira, alí, entre O Valadouro e Foz, onde se ve A Mariña e, ao mesmo tempo, todo O Valadouro e a Serra do Xistral: terra e mar.

Son dunha terra de auga e, ademais, pasa unha fonte por debaixo da miña casa.

**¿Que hai dentro do mar?:** Para min o mar son moitas cousas. A temperatura que ten. Sempre teño a impresión de que ten olor porque as algas, ao se moveren cando hai unha corrente, desprenden un olor. E, sobre todo, ten cor, e un tipo de vida sen eses conflitos de carreira. Todo ao contrario dunha película americana. Non hai coches correndo. ¿Sabes o tranquilizante que é ver un polbo desprazarse ou unha centola camiñar lentamente, ou a mesma centola pegada a unha alga? É o mesmo pero noutro tempo.

**¿Cal foi a última película que viu?:** *The Queen*.

**¿O seu personaxe favorito?:** Para min hai tres: Edipo, Hamlet e Macbeth, que, en certa maneira, se relacionan. De aí sae case todo. Tamén me gusta Orestes.

Como personaxe feminino, interésame máis Yerma, algún outro de Lorca, que traza moi ben os personaxes femininos.

Do cinema, pode ser algunha Xoana da Arco. E despois encántanme as mulleres aventureiras, aquelas que son capaces elas mesmas de se embarcaren nunha aventura. Gústame moito esa epopea da xente que cobre un camiño para chegar a non sabe onde buscando a vida. A vida é iso, e a literatura tamén, trotar por un camiño sen saber o que hai despois.

**¿Toca algún instrumento?:** A miña nai tocaba o piano, a miña filla tamén, e o meu fillo é músico e toca outros instrumentos, clarinete, guitarra, gaita... Eu toco de orella. Gústame moito cantar. Estiven anos nun coro e foi unha parte importante da miña formación da harmonía e o ritmo que aplico moito cando fago teatro.

**¿Ten algunha frase ou refrán en que escusarse?:** Eu intento ter dous principios. Primeiro, vontade e sentido do deber, iso é un herdo. Despois, observación, e entón creo que iso me produce menos equivocacións das que tería.

**¿Que lle gusta facer na casa?:** Estar cos meus fillos, coa miña neta, contarlle contos...

Encántame durmir, cociñar...

**¿Como se desenvolve na cociña?:** Adoito cociñar o que haxa.

**¿Ten que facelo a miúdo?:** Boto unha man e, ás veces, a única man, porque cociño eu cando non hai outra persoa, cando non está a miña muller. Son tamén moi ordenado, e sempre estou recollendo aquí e poñendo alí.

**¿A súa cidade favorita?:** ¡Lisboa!

**Díganos un lugar para escapar:** O Valadouro, porque é onde á natureza lle podo falar de ti; síntome tamén moi querido e é onde están todos os meus mitos e os contos da miña avoa.

**¿É vostede dos que desexa “moita merda” e aconsella “pouco amarelo”?:**

Non, paréceme unha grosaría. “Merda... para a túa boca. Aprende a falar”, diría eu. Iso vén de cando se ía ao teatro a cabalo e deixaban alí a merda mentres esperaban polos espectadores.

O do amarelo é unha parvada. Eu non emprego nunca o amarelo nin no teatro nin habitualmente porque é unha cor que non me gusta.

**¿É supersticioso?:** Supoño que si.

**¿Cando o volveremos ver na tele?:** Cando haxa algo para facer. Á parte de ser unha axuda económica grande, apréndese moito, tes a mente continuamente traballando porque se fan moitas cousas sobre a marcha, invéntase.

Pero hai que aprender a vivir coa popularidade, que a min non me resulta nada fácil. Non me gusta nada ser coñecido en ningún sitio, vivo moi tranquilo como vivo. Aínda que para moitas persoas, como ven moito a tele, significa algo importante. Dá a impresión de que existes cando saes na tele e, dalgunha maneira, estás dentro das ilusións desa xente... Dá cousas boas.

**¿En que proxectos traballa actualmente?:** *Contos troianos*, que poremos na sala Yago; varias obras de teatro; vaise estreitar *Globos de mentira*, unha peza infantil que está a dirixir Paulo Serantes...; nalgunha obra para levar á tele, e en Casa Hamlet.

**¿Cal das súas facetas escollería?:** Quedo con todas. Cando teña que deixar algunha, serei bastante infeliz, pero estoume preparando porque, debido a problemas coa voz, é probable que me teña que ir retirando como actor. Estou pensando, incluso, en crear personaxes sen voz... pero quero seguir facendo de todo mentres teña tempo.



## FÓRA DE XOGO

Nove Dous

Autor: Maxi Rodríguez / Dirección: Maxi Rodríguez  
Elenco: Marián Bañobre, Jouse García, Lois Soaxe e Santiago Cortegoso / Xénero: Teatro de actor.

Que pasaría se o teatro fose tan popular coma o fútbol. Se cada domingo, radios e televisións retransmitisen unha obra que fose seguida por milleiros de afeccionados. Se cada nova que pasase dentro dos escenarios tivese a mesma repercusión que os aniversarios de Ronaldo e cada fracaso teatral fose unha desgraza tan grande coma un descenso á Segunda División. Se se analizasen as mellores escenas da xornada ou os actores mostrasen publicidade nas súas camisetas...

+info en: [www.novedousteatro.com](http://www.novedousteatro.com)



## CORPOS DISIDENTES

Nut Teatro

Autores: Nut Teatro / Dirección: Carlos Neira Noya  
Elenco: Andrea Álvarez, Nerea Barros, Iria Sobrado, Xiana López / Xénero: Teatro de actor.

Espectáculo que mestura diferentes linguaxes artísticas, como a performance, o teatro, a danza e o audiovisual. O traballo afonda os límites do corpo, nas sombras, nos espazos indefinidos, aqueles que non se senten e que non se ven, pero se fan visibles ao atravesalos.



## A DIÁSPORA

Quinquilláns

Autor: Lucho Penabade / Dirección: Kevin Stewart e Carolina Ramoseiros / Elenco: Zezilia Meléndrez, Pablo Sánchez, Anxo García, Iñaki Vilariño, Xoán Curiel, Lucho Penabade e Manuel Riveiro / Xénero: Teatro de actor.

Martes de Entroido, máscaras, xigantes, xentes polos camiños van troulear á vila. A muller fica na casa soa. Axiña vén Cabozo anunciando a súa marcha ás Américas. No amencer, os garroteiros petan á porta, fachendosos, buscando negocio para levaren xente para a emigración. O espantallo láia-se da súa marcha e agarda mellores tempos. O Pacífico vai ateigado de xentiñas e maletas. A Habana agarda á outra beira e recíbeos con ritual e festa.

# NUT TEATRO

## OLOR A NOVO

O seu teatro ole a novo. Esta compañía que non ten nin un ano de vida acaba de poñer os pés nos escenarios e parece non verse presa da vertixe propia do principiante. Gardan tras o pano unha proposta escénica interdisciplinaria que aposta pola performance e o teatro conceptual.

NUT teatro é unha compañía nova, que pretende ser innovadora cun equipo humano tras de si que comparte xuventude co proxecto artístico que asinan. Velaí o segredo da súa ansia por arriscar.

“Nós, como creadores, queremos estar sempre ao límite, non queremos ser o eco dun dis-

curso que xa existe nin traballar sobre algo que está manido, senón rozando o descoñecido en canto a estilo e, por conseguinte, en canto á reacción no público”, afirma o director artístico da compañía, Carlos Neira.

Postos a innovar, foi ao abeiro da escola teatral Espazo Aberto, que Neira dirixe e da que foron canteira as cinco actrices que integran a compañía, onde, hai dous anos, decidiron poñerse “mans á obra”, e así naceu Corpos disidentes, a súa montaxe de presentación.

O resultado: “Moi boa acollida”, en palabras dunha das actrices, Xiana López. “Teño a sensación de que o público reaccionou cunha certa sorpresa quizais porque é un tipo de teatro pouco convencional, sen personaxes nin unha trama propiamente dita que normalmente vén de fóra e é pouco habitual aquí”, observa.

Tan pouco habitual é a súa proposta escénica como atopar unha compañía teatral cun repartimento integramente feminino, un factor, a xuízo do director artístico, “non premeditado”, pero enriquecedor porque “abre unha vía de expresión á montaxe”.

Queren ofrecer, pois, outra versión do teatro que implica abrilo a outras disciplinas e soportes tecnolóxicos porque consideran que o fin do teatro “non é entreter nin recrear o que xa está dito”.

“Concibimos un teatro contemporáneo diferente no sentido de que ten unha linguaxe propia, un código que é noso”, explica Carlos Neira.




E ese código é basicamente visual, e sobre el trázase un discurso que se pon sobre a escena de maneira non convencional pero cun transfondo que pretende facer reflexionar o espectador.

“No noso traballo non presentamos nada, nós propoñemos e facemos unha proposta de traballo, e esa é a diferenza entre presentar e propoñer, un aspecto importante á hora de definir por onde vai o noso estilo”, sinala.

Xogan coa imaxe, cos conceptos, convierten a imaxe en concepto. “A parte estética, visual, vai saíndo despois de ter moi claro o que queremos dicir, tendo sempre en conta que o visual non pode ser unha tiranía para o espectador, no sentido de que cando vai baleiro se atopa con que non hai nada e empeza a preocuparse e a cuestionarse como espectador”, argumenta Neira.

A cuestión é: ¿É un teatro só apto para público especializado? “Por suposto que non”, responde outra das actrices, Nerea Barros. “Este espectáculo entra por moitas vías e cada persoa sacará a súa conclusión, captará a mensaxe en función das sensacións e impresións que lle produza a obra, pero sempre se leva a esencia”, comenta.

Sabedores de que o teatro “é algo vivo”, están dispostos a ensinarnos outras caras desta arte, alleos aos “niveis de audiencia”, porque, din, fan o que sempre quixeron facer, cunha premisa: “que o proxecto teña vida e continúe máis alá do éxito ou do fracaso dunha peza é o que o fai contemporáneo”.



### ¿QUEN SON?

Carlos Neira, director artístico; César Abella, produtor; Arantza González, Andrea Pino, Iria Sobrado, Nerea Barros e Xiana López, actrices.

### O SEU MODUS OPERANDI:

Empregar diversos “artefactos” para explotar a expresividade visual do teatro.

### TES QUE IR VELOS SE QUERES...

- \_ ver unha proposta arriscada
- \_ asistir a un espectáculo estimulante
- \_ gozar dunha montaxe innovadora
- \_ contemplar o traballo corporal



### O GORDO E O CALVO VAN AO MÉDICO

Os Sete Magníficos Máis Un

Autor: Creación propia / Dirección: Iván Prado  
Elenco: Pedro Brandariz, Fran Rei / Xénero: Teatro de actor.

Neste divertido show recupéranse e actualízanse vellas farsas de circo, mesturándose con novas situacións cómicas de creación propia. O humor máis clásico fúsióname coa súa característica creatividade e actitude de risco nunha obra cómica sobre o mundo dos médicos. Unha volta do revés ao mundo das batas brancas e dos fonendoscopios, no día a día dos ambulatorios e hospitais. Unha endoscopia *clown* da sanidade pública.

+info en: [www.culturactiva.org](http://www.culturactiva.org)



### MERDA

Sala Yago

Autores: Ricardo Barreiro, Rafael G. García e Xavier Estévez / Dirección: Xavier Estévez / Elenco: Ricardo de Barreiro / Xénero: Teatro de actor.

Luís é un home que leva toda a vida acumulando recordos, medos, culpas, dores, risos e amor, ata que un día, despois de moito pensalo, decide contarlle aos mortos do cemiterio. Luís converte o público en pacientes e inmóbiles espectadores da súa emoción e sufrimentos, xa que é no campo-santo onde se desenvolve esta historia.

+info en: [www.salayago.com](http://www.salayago.com)



### BAR

San & saN

Autores: San & San / Dirección: San & San  
Elenco: Pablo Sánchez, Carlos Sante e Joaquín Domínguez / Xénero: teatro de actor.

A obra pretende ser un reflexo do que somos, do que podemos chegar a ser ou do que quixeramos ser dentro dun bar. Un xogo de personaxes, actitudes e situacións que todos nalgún momento puídemos contemplar e mesmo vivir diante ou detrás da barra dun bar. Un espectáculo cómico e asemade patético sobre a condición humana. Un espello cotián onde pode ver ese anaco de barra que todos levamos dentro. “¡Tómalle unha, que pagho eu!”

+info en: [www.sanesan.com](http://www.sanesan.com)

# CIRCUITO LXIX

4 CICLOS 4 CORES TODO UN UNIVERSO MUSICAL



## VOCES TRADICIONAIS (LEILÍA, RUOTE, OS CARUNCHOS, SERRA-LHE AÍ!!!)

ALLARIZ - ARTEIXO - AS PONTES - MIAO - MONTERROSO - PONTEVEDRA - SARRIA - VIGO - VIVEIRO - XOVE



## CANCIÓN DE AUTOR (MARFUL, EPIIDO, NORDESTIN@S, XABIER DIAZ)

BOIRO - CARBALLO - FOZ - LALIN - OLEIROS - RIBADEO



## CON-FUSIÓNS (TRÍO KIN GARCÍA, TALABARTE, MARCOS TEIRA, RAO TRÍO)

MONFORTE - MUGARDOS



## TRADICIÓN INSTRUMENTAL (DANIEL BELLÓN & DIEGO MACEIRAS, LINHO DO CUÇO, EDELMIRO FERNÁNDEZ, FERNÁNDEZ E QUINTA)

A LARACHA - MUGARDOS - VILAGARCÍA - VIVEIRO - XOVE

## CUESTIONARIO: REPORTAXE SOBRE SALAS DE TEATRO PRIVADAS

En Galicia funcionan actualmente cinco salas escénicas de titularidade privada que manteñen, ao longo de practicamente todo o ano, un encomiable labor de programación de espectáculos para o disfrute do público amante dos escenarios menos convencionais e das distancias curtas. As Salas Nasa e Yago, en Santiago de Compostela, Teatro Ensalle e Teatro Arte Livre, en Vigo, e Teatro del Andamio, na Coruña, responden—cada unha coas súas peculiaridades— a este estilo diferente de achegarse ao feito escénico. Coñezamos, a través deste cuestionario común, algúns dos seus obxectivos, demandas e preocupacións.

1. Declaración de intencións. ¿Quen sodes?
2. ¿Que momento atravesamos o teatro galego?
3. ¿Como sobrevive unha sala de teatro privada?
4. ¿É caro facer teatro?
5. ¿As salas teatrais privadas son a mostra de que na especialización está o éxito?
6. ¿Cando conseguirá unha función de teatro atraer tanto coma unha cartelera de cinema?
7. ¿Que falla no teatro actual á hora de atraer o público?
8. ¿Que ingredientes debe ter unha boa programación teatral?
9. Se se trata de chegar ao público, ¿podemos dicir entón que o fin xustifica os medios?
10. ¿Que medios se precisan, pois?
11. ¿Que busca o espectador nunha representación de teatro?
12. ¿Teatro e innovación son termos afíns? É dicir, ¿pódese innovar en teatro? ¿Ata que punto o beneficia e o enriquece?
13. ¿Onde está o futuro do teatro?
14. ¿Por que buscar novas linguaxes e formas teatrais?

consulta a programación en [culturaedeporte.xunta.es](http://culturaedeporte.xunta.es)



**IGAEM** | instituto galego  
das artes escénicas  
e musicais

 XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE  
Dirección Xeral de Creación  
e Difusión Cultural

## TEATRO DEL ANDAMIO

**1.** Teatro del Andamio é unha escola de formación de actores, fiel á metodoloxía da escola rusa de actuación, unha compañía profesional e unha sala alternativa. Cada unha destas partes retroaliméntanse entre si. Todas estas partes retroaliméntanse entre si.

**2.** Estamos nun momento de cambio, en que por fin se lle empeza a preguntar ao público a súa opinión e non se fai teatro para os “amigos”. Sen público non hai teatro, só persoas subvencionadas.

**3.** Sendo soamente sala é imposible sobrevivir. A recadación das entradas sempre é inferior ao custo de mantemento. Sempre.

**4.** Non hai nada máis barato que facer teatro. O problema é a comercialización. As compañías poñen a infraestrutura que os concellos non queren poñer (lucos, son, etc.). Páganlles no día aos actores, e os concellos, seis meses despois. Ningún organismo público arrisca..., só as compañías.

**5.** A razón da nosa existencia é que haxa lugares onde se poidan mostrar espectáculos de pequeno formato e de risco estético e de contido, feito por novos actores e autores. ¿Que programador contrataría un espectáculo dunha compañía descoñecida que fala sobre a tortura?

**6.** Se seguimos na liña de distribuír subvencións e axudas ás compañías e espectáculos que mellor acollida teñen, conseguíremolo rápido. Quizais en dez anos.

**7.** Que ata agora, por parte da Administración, non había intención real de atraer o público e as subvencións reparíanse segundo criterios inxustos.

**8.** Responder á realidade do lugar onde se atopa a sala. O que pode ser un éxito en Madrid, en Dumbria pode fracasar, e viceversa. O importante é ser coherente, constante, moi constante e gozar do que se programe.

**9.** ¿Fin? ¿Existe un fin na arte sen espectador?

**10.** Cambiar os criterios de selección de espectáculos, especializar os funcionarios, planificar a longo prazo, pechar o CDG, medir resultados segundo a aceptación de público, subvencionar as pequenas compañías, cambiar o sistema de subvencións, capacitar os profesionais do teatro.

**11.** Divertirse, entreterse. Só iso. Pódese entreter rindo, pensando, emocionando..., pero sempre entreter.

**12.** A innovación que precisa o teatro non está nos escenarios, está nos cerebros. Acadar, nas institucións, unha posición activa, creativa, de impulso á creación e non á facturación.

**13.** No público.

**14.** Non hai que buscar nada. Cando queremos ser orixinais e innovadores, terminamos sendo obvios, obsoletos e aburridos.

## SALA YAGO

**1.** Unha sala privada dende 1998 rexentada por Títeres Cachirulo e Teatro do Noroeste, cunha programación estable de teatro para adultos e familiar, con programas específicos para centros de ensino, formación e cinema de autor en versión orixinal.

Xestiona un departamento de produción e distribución de espectáculos tanto de actor como de rúa ou monicreques no que colaboran profesionais vinculados á sala.

**2.** *sen resposta*

**3.** As salas privadas subsisten polo empeño dos seus promotores, que adoitan ser compañías moi vinculadas e comprometidas coa creación teatral e a súa incidencia na sociedade e no seu contorno.

**4.** As creacións artísticas non se poden medir economicamente neses termos. O que é infinitamente caro é ter unha sociedade inculta. Ten os custos máis elevados, ademais de hipotecar o futuro do seu pobo. Non ter teatro é máis caro.

**5.** Non. Son a mostra do interese e do compromiso coa nosa profesión, de que Galicia conta con profesionais dinámicos e sempre dispostos a emprender novos camiños

que permitan continuar coa súa creación artística e abrir portas aos que veñen detrás.

**6.** Cando o teatro dispoña dos mesmos recursos mediáticos que o cinema. Pero ollo, porque o cinema de autor non ten o mesmo público que o comercial.

**7.** O apoio e compromiso de verdade das institucións públicas, e unha política cultural que apoie decididamente as iniciativas dun sector tan importante como o teatro, que sempre estivo vivo (mesmo durante a ditadura) e leva toda a democracia malvivindo.

**8.** Estabilidade, calidade e compromiso cos espectadores e cos creadores.

**9.** Agora mesmo trátase de que o público poida chegar a nós. En canto se dan as mínimas condicións, o teatro galego ten unha resposta espectacular. As nosas propias actividades son unha proba disto; fomos os primeiros en cobrar entrada para ver un espectáculo familiar e agora temos días en que queda xente na porta.

**10.** O teatro require dunhas infraestruturas, equipamentos e medios adecuados á sociedade en que se desenvolve. Poderíamos afirmar que en Galicia aínda imos moitos anos por detrás, pois non temos orzamentos adecuados nin nos concellos nin nos departamentos de cultura.

**11.** Non existe unha resposta única. O importante é que se lle facilite o acceso. Pode ser compartir unha tarde cos seus fillos, cun amigo, coa parella... Revivir unha historia ou reflexionar sobre un pensamento filosófico. Analizar unha realidade social doutro contexto. Pasalo ben. Pero, sobre todo, ver unha creación artística que che poida transmitir algo vivo.

**12.** Sempre se pode innovar e o importante é que non se pare nunca.

**13.** Onde exista un escenario en que poidamos actuar e alguén disposto a percibir.

**14.** Porque estamos vivos.





## SALA NASA

**1.** A NASA é un espazo privado para a creación e a difusión cultural. Funciona como centro de recursos de proximidade para os artistas, os espectadores e os demais axentes culturais.

**2.** É un momento de indefinición. Sáese do estreito zulo en que estivo atrapado durante anos, e agora permanecemos á expectativa.

**3.** A NASA (e non o dicimos con soberbia) xa pasou a fase da supervivencia. Agora mesmo traballa cun orzamento que non pode baixar dos 160.000 € anuais e que tende a situarse moi preto dos 200.000 € (que tampouco é tanto para a actividade realizada). Polo tanto, é un espazo de referencia.

**4.** Facer teatro é moi barato, só fai falta ter algo que dicir sobre un escenario (que non é pouco), pero producir teatro é moi caro, porque se trata dunha actividade baseada nas persoas e porque é un traballo artesanal.

**5.** As salas de teatro privadas non están especializadas; son salas, digamos, “xeneralistas”; programan todo tipo de teatro, pero, se axudasen a orientar o público sobre o que pode esperar de cada sala, isto sería un grande avance, porque un dos problemas principais dos espazos de programación estables é a súa indefinición. E isto impide consolidar públicos.

**6.** O que diferencia o cinema do teatro é que a mesma película pode ser vista ao mesmo tempo en centenas ou milleiros de salas en todo o mundo, mentres que unha función de teatro é algo único que só ocorre nun sitio. Por iso o cinema, por definición, ten máis espectadores que o teatro.

**7.** O fallo non é tanto do tipo de teatro que se fai, senón de como está estruturado o propio medio teatral, onde practicamente desapareceu a iniciativa privada. Hai que valorizalo socialmente, como mínimo ao nivel da música ou das artes plásticas.

**8.** Ten que saber a que públicos se dirixe e atraer a súa atención e o seu interese; ser coherente co espazo con que se conta e co público que ten, e saber manter o pulso da creación actual e medir os intereses dos espectadores.

**9.** Non, atraer público ao chou non é o obxectivo. Do que se trata é de atopar o equilibrio entre o que están a facer os creadores e o que lles interesa aos espectadores.

**10.** Crear as condicións para que haxa espectadores potenciais para unha ampla diversidade de oferta de teatro.

**11.** Importa tanto a resposta dun único espectador como aquela na que coincidan douscentos. Aínda que coa segunda seguramente haxa unha maior recadación na venda de entradas.

**12.** Despois de tres mil anos sen innovación non habería teatro.

**13.** O teatro non dará nunca o que se espera del e seguirá a ser algo tan simple que é imposible de reproducir por medios mecánicos ou electrónicos: saír a un escenario e poder mirarnos aos ollos.

**14.** *sen resposta*

## TEATRO ARTE LIVRE

**1.** O Teatro Arte Livre é un proxecto creado polos actores e directores brasileiros Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno que xestiona a súa propia produtora e compañía teatral, Encena Producións Artísticas, e pretende cambiar o panorama de distribución do produto teatral. Crear un público e mercado de traballo máis estables.

**2.** O teatro galego comezou a ser visto como empresa na óptica dos políticos e pouco aínda na óptica dos empresarios, que están alienados en relación coa cultura.

**3.** No noso caso, da recadación que as nosas propias obras xeran e do alugamento da sala para outras compañías.

**4.** Sempre é caro por máis económico que poida ser o teu produto sobre o escenario; o caro é a comercialización e manutención dunha obra por moitos meses.

**5.** A especialización está na constancia e calidade da programación e a súa diversificación.

**6.** Cando teñamos a mesma publicidade e a obra permaneza en carteleira máis tempo.

**7.** A falta de promoción a todos os niveis.

**8.** Diversificación. Teatro para todos os públicos.

**9.** *sen resposta*

**10.** Creo que estas preguntas xa están respondidas.

**11.** O Teatro Arte Livre, en dez meses de funcionamento, constatou que o 70% do público é feminino entre 25 e 60 anos; un 10% son estudantes e un 20% nenos. Imos investir agora para a captación dun público adolescente.

**12.** O máis urxente para unha “innovación” no mercado teatral é crear vínculos co empresario galego, cos medios de comunicación en xeral.

**13.** Na disciplina.

**14.** A arte en si é unha eterna busca.

## TEATRO ENSALLE

**1.** Nacemos como compañía en 1995 en Madrid e en outubro de 2003 abrimos a sala en Vigo. Facemos teatro, danza, música, cursos de formación, exposicións e gústanosos definírnos como un espazo xerador de novas ideas e un lugar de encontro entre profesionais de diferentes áreas artísticas.

**2.** As cousas deben cambiar e evolucionar, ten que existir un tecido teatral profesional en constante revolución, con sentido da autocrítica e a creación de novas compañías que acheguen novas fórmulas.

**3.** Con moito esforzo, traballo, paciencia e constancia, e algo verdadeiramente importante: seriedade.

**4.** É difícil, é arriscado e supón un compromiso vital, termo que na sociedade en que vivimos ten un alto custo.

**5.** Quizais son unha mostra das novas formas. Unha sala debe ter un compromiso moito máis próximo coa reali-

dade, co público e co inconformismo. Un espírito de crítica que as coloca noutro sitio.

**6.** O teatro quizais rompe a barreira da impersonalidade que impera na evolución tecnolóxica, pero non existe unha campaña brutal que diga “ven ao teatro” e si de “todos co cinema español”.

**7.** Fallan moitas cousas no teatro, no público, na televisión, na comida rápida...

**8.** Calidade.

**9.** Nunca. Iso é pan para hoxe e fame para mañá. Se traizoamos a liña de programación na busca de novo público, estaremos traizoando o público que xa existe.

**10.** Programación de calidade, difusión personalizada e apoio das institucións.

**11.** O que nos gustaría é que deixasen os prexuízos na porta e se deixasen levar.

**12.** Inconformismo e teatro son termos afíns.

**13.** No que se faga no presente.

**14.** Porque un non pode quedar estancado nunha forma de facer.







## MACBETH

Sarabela Teatro

Autor: W. Shakespeare / Dirección: Helena Pimienta  
Elenco: Fernando Dacosta, Elena Seijo, Fina Calleja, Suso Díaz, Sabela Gago, Josito Porto, Nate Borrajo  
Xénero: Teatro de actor.

Macbeth regresa vitorioso da batalla. Instigado polas premonicións de tres bruxas que lle auguran un futuro como rei, decide forxar o seu destino e asasinar a Duncan para ocupar o seu posto. Gobernará de xeito tiránico ata que se cumpra unha nova profecía: “ser derrocado por un home, non nacido de muller, cando avance o bosque de Birnam”.



## MAGAR NO PAZO DO TEMPO

Sarabela Teatro

Autor: Ánxeles Cuña Bóveda / Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda / Elenco: Fernando Dacosta, Tito R. Asorey, Sabela Gago, Elena Seijo, Fina Calleja, Josito Porto e Nate Borrajo / Música: José Lameiras / Xénero: Teatro de actor.

Comedia terrorífica e excitante ategada de fantasía. Os personaxes van ser expresión do grotesco patetismo do xénero humano. O Humor, como elixir de eterna xuventude, é antídoto contra o medo e o desasosiego, con ingredientes de ciencia-ficción, pinceladas góticas e misterio, nas ás da desenfreada imaxinación do equipo de Sarabela.



## EL FLORIDO PENSIL

Tanttaka Teatroatroa

Autor: André Sopena Monsalve / Dirección: Fernando Bernués e Mireia Gabilondo / Elenco: Kike Díaz, Julio Perrugoria, Patxi González, J. Ramón Sorioz, Sorion Eguideón / Xénero: Teatro de actor.

A obra relata as vicisitudes dun grupo de rapaces sometidos á absurda e ilóxica realidade do sistema educativo que dominou a España da posguerra. Os seus protagonistas irán amosándonos un fresco en que se sucederán os escenarios da acción. Primeiro, a escola, centro de operacións fundamental para a propaganda do ideario fascista; despois, o resto das tribunas dende onde o réxime mandaba os seus sinais de apoio: o cinema de barrio, a radio familiar, a igrexa e a prensa, representada por un TBO...



## ASASINOS ANÓNIMOS

Teatro Arca

Autor: Enrique Sánchez e Jesús Roche  
Dirección: Txema Pérez / Elenco: Vicente Gil, Ramón Enrich e Jesús Roche / Xénero: Teatro de actor.

Unha comedia negra onde o humor, a ironía e a participación do público se dan inquietantemente a man. “Josep Plá dicía que non convén ir ao médico porque “sempre che atopa algo”. Quizais vostede non debería ver esta obra. “Sempre descubrirá que no seu interior hai agochado un asasino”, dicía o escritor Gonzalo Ledesma. O espectáculo está realizado con ilustracións de cómic en retroproxección de Félix Vega.

+info en: [www.alquimiaproductions.com](http://www.alquimiaproductions.com)



## GARCÍA

Teatro de Adro

Autor: Cándido Pazó / Dirección: Cándido Pazó  
Elenco: Josito Porto e César Cambeiro / Xénero: Teatro de actor.

García leva 17 anos preso no soto dun castelo. Rodrigo, un vello amigo seu, logra entrar na súa cela con intención de liberalo e, como parte dunha conxura secreta, erixilo en símbolo do rexurdir do seu reino. Unha operación arriscada e urxente que ten que ser realizada entre o morrer da noite e o romper do día. Mais Rodrigo topa cun García vencido que rexeita en principio a súa liberdade. No apuradísimo e perentorio tempo de querer convencelo, ten que acompañalo por unha rememoración febril e desestruturada da súa azarosa vida.



## EMIGRADOS

Teatro de Ningures

Autores: X. M. Pazos, Suso de Toro, Anxos Sumai, Sonia Torre e Cándido Pazó / Dirección: Etelvino Vázquez  
Elenco: Casilda García, Pepa Barreiro, Marián Bañobre, Sonia Rúa, Santiago Cortegoso, Fran Paredes, Mundo Villalustre e Salvador del Río / Xénero: Teatro de actor.

Esta obra aposta por unha historia múltiple que, engarzada, constitúe un mosaico de pezas de distintos autores e autoras que, unha por unha, dende o tratamento específico da emigración, da inmigración, do retorno, do desenraizamento, compoñen un cadro xeral que permite apreciar nitidamente o drama individual e social que supón estoutro xeito de “exilio”.



## MISERICORDIA

Teatro de Ningures

Autor: Benito Pérez Galdós / Dirección: Etelvino Vázquez / Elenco: Casilda García, Mónica Camaño, Marián Bañobre, Sonia Rúa, Santiago Cortegoso, Fran Paredes, Paulo Serantes, Mundo Villalustre e Salvador del Río / Xénero: Teatro de actor.

Misericordia mergúllanos na “picaresca” a través dos personaxes das clases sociais máis desfavorecidas. Retrátanos unha fidalguía vida a menos dende algúns séculos antes, aínda que empeñada en vivir da aparencia e das lembranzas de grandeza. Fainos un bosquejo dunha nacente burguesía comercial inculta e insolidaria, e imprégnao todo cunha crítica aceda a un xeito de relixiosidade omnipresente, falsa e reaccionaria, que é bendicir e santificar a hipocrísia e a dobre moral.



## TARTUFO

Teatro de Ningures

Autor: Molière / Dirección: Etelvino Vázquez  
Elenco: Casilda García, Pepa Barreiro, Marián Bañobre, Sonia Rúa, Santiago Cortegoso, Fran Paredes, Paulo Serantes, Mundo Villalustre e Salvador del Río  
Xénero: Teatro de actor.

Unha das comedias máis representativas de Molière, na que o autor francés desata unha crítica furibunda da hipocrísia da sociedade da súa época. Tartufo, habilmente disfrazado de honradez e virtude, utiliza a aparencia externa da piedade para introducirse nun apracible fogar burgués e gañar a confianza do beato cabeza de familia Orgón. Baixo a súa máscara virtuosa, maquina para colmar a súa ambición, envolvendo toda a familia nunha trama de enredos e enganós.



## YEPETO

Teatro del Andamio

Autor: Roberto Cossa / Dirección: Tatiana Likhacheva  
Elenco: Santiago Romay, Álvaro Guevara e Nerea Barros / Xénero: Teatro de actor.

Triángulo amoroso entre un vello profesor de literatura, a súa alumna de 18 anos e o seu mozo. Ela é unha rapaza talentosa, creativa e intelixente, cegada pola personalidade do seu mestre. Manexa sutilmente a relación con ambos os dous, que comezan a obra cunha competencia física e dialéctica chea de humor e ironía. O profesor sente que é a súa derradeira oportunidade de amar. O rapaz, Antonio, conseguirá afastar o vello profesor gañando a súa confianza.



## A RAÍÑA DA BELEZA DE LEENANE

Teatro do Atlántico

Autor: Martín McDonagh / Dirección: Xulio Lago  
Elenco: María Barcala, Marcos Viéitez, Teresa Horro, Rubén Riós / Xénero: Teatro de autor.

Nai e filla, enerxías antagónicas, dous proxectos de vida incompatibles. A estrutura familiar, cunhas leis non escritas, planea por riba de todo o espectáculo, ao tempo que o destino de todos os personaxes que conforman o drama chega ata nós marcado pola emigración, o desexo, o implacable paso do tempo, a soidade, a loucura... Aínda que, iso si, transitado todo con moito humor. Tenra, humana, patética, satírica, sórdida; o seu autor, Martín McDonagh, unha estrela que marca o camiño do teatro europeo.



## MEMORIA DO 36

Teatro do Atlántico

Autor: Varios autores / Dirección: Xulio Lago  
Elenco: María del Pilar Martínez (Pilocho), María Barcala, Xosé Luís Bernal, Xulio Lago, Xavier Constenla  
Xénero: Teatro de actor.

A memoria colectiva estimulada dende a palabra dos poetas a partir de emocións e vivencias terriblemente creuis e dolorosas que produciu a Guerra Civil e a posguerra na carne e no corazón de millóns de cidadáns. Compartamos parte da nosa historia recente, dando uso a esa inmensa riqueza que, á par da auga, os galegos temos a fortuna de posuír en abundancia: a palabra dos poetas.



## O BURGUÉS FIDALGO

Teatro do Morcego

Autor: Molière / Dirección: Celso Parada / Elenco: Luísa Merelas, Maxo Barjas, Juan Carlos Mosquera “Mos”, Xavier Estévez, Blanca Cendán, Mariana Carballal, Mundo Villalustres / Xénero: Teatro de actor.

# ponte en escena!!

## COA NOVA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

A Rede Galega de Teatros e Auditorios entra en 2007 nunha nova fase que vén marcada pola consolidación definitiva deste circuíto escénico profesional como o principal medio de distribución dos espectáculos das compañías galegas, ao tempo que reivindica un novo xeito de relación cos seus destinatarios finais, os espectadores, que pasa por unha renovada presentación de todo o seu material de difusión.

Nesta primeira quenda de programación ata o mes de xuño, o público que acuda aos espazos escénicos dos 45 concellos e entidades membros da Rede terán a oportunidade de acudir a 376 funcións de 92 espectáculos diferentes a cargo dun total de 80 compañías ou agrupacións artísticas (29 de teatro para adultos, 7 de teatro infantil, 7 de monicreques, 12 de danza e 11 de maxia). Distintos xéneros, estilos, poéticas, autores e temáticas compoñen esta extensa e variada oferta, que se enriquece mediante a súa interacción sen desbotar a atención ás preferencias dos distintos perfís individuais.

## O OBXECTIVO É QUE ESTE 2007 SEXA PARA A RGTA O PUNTO DE REFERENCIA NO CAMIÑO DO MÁXIMO NIVEL DE VERTEBRACIÓN DO MERCADO DAS ARTES ESCÉNICAS EN GALICIA

Por baixo da mera lectura de cifras, o obxectivo é que este 2007 sexa para a RGTA o punto de referencia no camiño do máximo nivel de vertebración do mercado das artes escénicas en Galicia, mediante a súa progresiva identificación como unha óptima plataforma de xestión e distribución da creatividade e do talento interpretativo que conteñen os espectáculos producidos no país.

O calendario de actividade para este primeiro semestre do ano, que veu marcado polo comezo na aplicación das novas normas de funcionamento da Rede, está xa a dar os seus primeiros froitos, como se comproba na tendencia cara a unha programación máis intensiva. Así, nótase un incremento sensible do número absoluto de funcións, unha diminución no de espectáculos, unha subida notable na cifra media de representación por compañía –que chega case a duplicarse– e un aumento tamén moi destacado na facturación por compañía respecto a semestres anteriores, ao acadarse a este respecto nestes seis meses unha cifra practicamente similar ao nivel de contratación de todo 2006.

E para contribuír á súa implantación social, a Rede Galega de Teatros e Auditorios estrea unha nova liña gráfica de promoción da súa actividade de difusión do teatro de actor, monicreques, maxia, danza e música de cámara que

se programan dentro do primeiro semestre de 2006 en 45 concellos galegos.

Baixo o lema transversal Ponte en escena!, a idea da campaña para este 2007 consiste en establecer un xogo co logotipo da RGTA de modo que se integre en cada unha das fotografías empregadas, realizadas ex profeso para esta finalidade.

A tiraxe total foi de 40.000 folletos despregables, a catro tintas, con distintos modelos de portada para cada xénero artístico; e, no caso do teatro, subdivididos tamén xeograficamente. Todo este material, que estará a disposición do público nos espazos escénicos que conforman a Rede, complementarase con outros soportes aos que se dotará de continuidade, como son esta mesma revista, ou unha páxina web específica das programacións do IGAEM, a través da que se poderá consultar diariamente a actividade dos distintos circuítos de exhibición do IGAEM e da Consellería de Cultura e Deporte, como son a Rede Galega de Música ao Vivo, a Rede Galega de Salas, e o Circuíto Musical 4x4.

Entre os logros aínda pendentes, conseguir un aumento na cifra de espectadores nos espectáculos programados dentro da RGTA, taxada en 2006 en menos do 40% da capacidade dispoñible, é cuestión prioritaria. Poñámonos, pois, en escena.

### EVOLUCIÓN DA CONTRATACIÓN DE COMPAÑÍAS GALEGAS DE TEATRO DE ACTOR E MONICREQUES

	Compañías	Espectáculos	Funcións	Funcións/compañía
2005 (2º semestre)	55	118	230	4
2006 (1º semestre)	48	74	225	5
2006 (2º semestre)	53	81	168	3
2007 (1º semestre)	37	47	285	8



## PROGRAMACIÓN XANEIRO-XUÑO 2007

[consultar posibles modificacións de carteleira  
en [www.igaem.xunta.es](http://www.igaem.xunta.es)]

Data	Hora	Concello/Espazo	Compañía	Espectáculo	Páx. ficha
<b>Xaneiro</b>					
martes 2	18.30	Lugo / Auditorio Municipal Gustavo Freire	BERROBAMBÁN	<i>Buh!</i>	27
mércores 3	18.00	O Carballiño / Auditorio Municipal	MIGALLAS TEATRO	<i>E se o cantamos?</i>	27
mércores 3	20.00	Narón / Auditorio Municipal	TEATRO ARCA	<i>Asesinos anónimos</i>	17
xoves 4	18.30	Lugo / Auditorio Municipal Gustavo Freire	LA IMAGINA MACHINA	<i>A viaxe de Eñi</i>	27
venres 5	19.30	Foz / Sala Bahía	OS QUINQUILLÁNS	<i>A diáspora</i>	12
domingo 7	17.30	A Coruña / Fórum Metropolitano	OS COLOMBAÑOS	<i>Os Colombaños</i>	28
domingo 7	17.00	Ourense / Teatro Principal	TEATRO ESPAÑOL	<i>Romeo y Julieta</i>	27
domingo 7	18.30	Ourense / Teatro Principal	TEATRO ESPAÑOL	<i>Romeo y Julieta</i>	27
luns 8	18.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	TEATRO ESPAÑOL	<i>Romeo y Julieta</i>	27
xoves 11	20.30	Pontevedra / Teatro Principal	TEATRO DE NINGURES	<i>Tartufo</i>	17
venres 12	20.30	Arteixo / Centro Cívico Cultural	LA IMAGINA MACHINA	<i>A viaxe de Eñi</i>	27
venres 12	20.30	Narón / Auditorio Municipal	TEATRO DO NOROESTE	<i>Imperial Café Cantante: Vigo-1936</i>	27
venres 12	21.00	Santiago / Teatro Principal	NUT TEATRO	<i>Corpos disidentes</i>	12
sábado 13	20.00	Narón / Auditorio Municipal	TEATRO DO NOROESTE	<i>Imperial Café Cantante: Vigo-1936</i>	27
sábado 13	20.00	Ourense / Teatro Principal	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A raíña da beleza de Leenane</i>	17
sábado 13	21.00	Santiago / Teatro Principal	NUT TEATRO	<i>Corpos disidentes</i>	12
domingo 14	17.00	Ames / Casa da Cultura de Bertamiráns	LA IMAGINA MACHINA	<i>A viaxe de Eñi</i>	27
domingo 14	20.00	Ourense / Teatro Principal	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A raíña da beleza de Leenane</i>	17
venres 19	20.30	Arteixo / Centro Cívico Cultural	SARABELA TEATRO	<i>Cristovo e as marabillas</i>	12
venres 19	18.00	As Pontes / Casa Dopeso	CARAMUXO TEATRO	<i>Glub, Glub</i>	27
venres 19	22.00	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A raíña da beleza de Leenane</i>	17
venres 19	21.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	TEATRO ARCA	<i>Asesinos anónimos</i>	17
sábado 20	20.30	A Coruña / Teatro Rosalía Castro	TEATRO DO NOROESTE	<i>Imperial Café Cantante: Vigo-1936</i>	27
sábado 20	20.30	Oleiros / Auditorio Gabriel García Márquez	TEATRO DE NINGURES	<i>Misericordia</i>	17
sábado 20	21.30	Sanxenxo / Pazo Emilia Pardo Bazán	SAN ET SAN	<i>Bar</i>	13
domingo 21	19.00	A Coruña / Teatro Rosalía Castro	TEATRO DO NOROESTE	<i>Imperial Café Cantante: Vigo-1936</i>	27
domingo 21	18.00	Cambados / Auditorio da Xuventude	TALÍA TEATRO	<i>O merlo branco</i>	28
domingo 21	19.30	San Sadurniño / Centro sociocultural	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A raíña da beleza de Leenane</i>	17
xoves 25	20.15	Monforte de Lemos / Edificio Multiusos	TEATRO ARCA	<i>Asesinos anónimos</i>	17
venres 26	21.30	A Estrada / Teatro Principal	TEATRO DO NOROESTE	<i>Imperial Café Cantante: Vigo-1936</i>	27
venres 26	21.00	Ames / Casa da Cultura do Milladoiro	TEATRO DEL ANDAMIO	<i>Yepeto</i>	17
venres 26	20.00	Arteixo / Centro Cívico Cultural	MIGALLAS TEATRO	<i>E se o cantamos?</i>	27
venres 26	21.00	Carballo / Pazo da Cultura	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A raíña da beleza de Leenane</i>	17
venres 26	20.30	Narón / Auditorio Municipal	SARABELA TEATRO	<i>Cristovo e as marabillas</i>	28
venres 26	21.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	TEATRO ARCA	<i>Asesinos anónimos</i>	17
sábado 27	18.00	As Pontes / Cine Alovi	TEATRO ESPAÑOL	<i>Romeo y Julieta</i>	27
sábado 27	20.00	Narón / Auditorio Municipal	SARABELA TEATRO	<i>Cristovo e as marabillas</i>	28
sábado 27	20.30	Vigo / Auditorio Municipal	TEATRO DO NOROESTE	<i>Imperial Café Cantante: Vigo-1936</i>	27
sábado 27	20.30	Vilalba / Auditorio Carmen Estévez Eguigaray	TEATRO DE NINGURES	<i>Tartufo</i>	17
domingo 28	19.00	A Coruña / Fórum Metropolitano	TEATRO ARCA	<i>Asesinos anónimos</i>	17
domingo 28	20.30	Betanzos / Aula Municipal de Cultura	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A raíña da beleza de Leenane</i>	17
domingo 28	18.00	Vigo / Caixanova	BERROBAMBÁN	<i>Buh!</i>	27

Data	Hora	Concello/Espazo	Compañía	Espectáculo	Páx. ficha
<b>Xaneiro</b>					
domingo 28	18.00	Cambados / Auditorio da Xuventude	OS COLOMBAÍÑOS	<i>Os Colombaíños</i>	28
domingo 28	19.30	Carballo / Pazo da Cultura	TEATRO ESPAÑOL	<i>Romeo y Julieta</i>	27
domingo 28	20.30	Vigo / Auditorio Municipal	TEATRO DO NOROESTE	<i>Imperial Café Cantante: Vigo-1936</i>	27
<b>Febreiro</b>					
xoves 1	21.00	Santiago / Teatro Principal	TEATRO DE NINGURES	<i>Tartufo</i>	17
venres 2	20.30	As Pontes / Casa Dopeso	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>Memoria do 36</i>	17
venres 2	20.30	Redondela / Multiusos da Xunqueira	SARABELA TEATRO	<i>A gata con botas</i>	28
venres 2	21.00	Santiago / Teatro Principal	TEATRO DE NINGURES	<i>Tartufo</i>	17
venres 2	20.30	Arteixo / Centro Cívico Cultural	CYRILLE SINCLAIR	<i>Divertilandia</i>	34
venres 2	20.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	TÍTERES CACHIRULO	<i>O libro da selva</i>	28
sábado 3	20.30	Lugo / Auditorio Municipal Gustavo Freire	SARABELA TEATRO	<i>Macbeth</i>	17
sábado 3	20.30	Oleiros / Auditorio Gabriel García Márquez	A FACTORÍA TEATRO	<i>Os homes só contan ata tres</i>	4
sábado 3	20.30	Vilalba / Auditorio Carmen Estévez Eguigaray	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A raíña da beleza de Leenane</i>	17
sábado 3	20.30	Viveiro / Teatro Pastor Díaz	NUT TEATRO	<i>Corpos disidentes</i>	12
sábado 3	20.00	Cee / Salón de actos do Concello	DANI GARCÍA	<i>Cousa de maxia</i>	36
domingo 4	18.00	Cambados / Auditorio da Xuventude	BERROBAMBÁN	<i>Buh!</i>	27
domingo 4	17.00	Ourense / Teatro Principal	SARABELA TEATRO	<i>Cristovo e as marabillas</i>	28
domingo 4	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	TITZINA TEATRE	<i>Entrañas</i>	27
domingo 4	20.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>O faro</i>	06
domingo 4	19.30	San Sadurniño / Centro sociocultural	SAN & SAN	<i>Bar</i>	13
domingo 4	18.00	As Pontes / Casa Dopeso	LUIS BOYANO	<i>Asombrosamente increíble</i>	34
xoves 8	21.00	Ourense / Auditorio Municipal	A FACTORÍA TEATRO	<i>Os homes só contan ata tres</i>	04
xoves 8	20.30	Pontevedra / Teatro Principal	ANCORA PRODUCCIÓN S	<i>Final de película</i>	04
venres 9	20.30	Cangas / Auditorio Municipal	TEATRO DO MORCEGO	<i>O burgués fidalgo</i>	17
venres 9	21.00	Carballo / Pazo da Cultura	MOFA E BEFA	<i>Sempre ao lonxe</i>	07
venres 9	20.30	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	SAN & SAN	<i>Bar</i>	13
venres 9	22.30	O Carballiño / Auditorio Municipal	NOVE DOUS	<i>Fóra de xogo</i>	12
venres 9	21.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>Arte</i>	06
venres 9	20.30	Arteixo / Centro Cívico Cultural	MAGO CALI	<i>Maxia para soñar</i>	34
venres 9	18.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	TÍTERES CACHIRULO	<i>O libro da selva</i>	28
venres 9	20.30	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	QUINTETO DE VENTO PENTAFONÍA	<i>Concerto de música</i>	38
sábado 10	20.30	Vigo / Caixanova	SARABELA TEATRO	<i>Macbeth</i>	17
sábado 10	20.30	Cangas / Auditorio Municipal	TEATRO DO MORCEGO	<i>O burgués fidalgo</i>	17
sábado 10	20.00	Narón / Auditorio Municipal	SALA YAGO	<i>Merda</i>	13
sábado 10	22.00	Redondela / Multiusos da Xunqueira	MOFA E BEFA	<i>Sempre ao lonxe</i>	07
sábado 10	20.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>Arte</i>	06
sábado 10	20.00	Cee / Salón de actos do Concello	MAGO MARTTYN	<i>Producto de tu imaginación</i>	37
sábado 10	18.00	Vigo / Auditorio Municipal	TEATRO DO LILÓ	<i>A lampariña de cristal</i>	28
sábado 10	20.00	Cedeira / Auditorio Municipal	QUINTETO DE VENTO PENTAFONÍA	<i>Concerto de música</i>	38
sábado 10	21.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	SUSANA DE LORENZO	<i>Arias de ópera, líder e musical americano</i>	38
domingo 11	17.00	Ames / Casa da Cultura do Milladoiro	TALÍA TEATRO	<i>O merlo branco</i>	28
domingo 11	18.00	Cambados / Auditorio da Xuventude	SARABELA TEATRO	<i>Cristovo e as marabillas</i>	28
domingo 11	20.30	Cangas / Auditorio Municipal	TEATRO DO MORCEGO	<i>O burgués fidalgo</i>	17
mércores 14	11.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	TEATRO ESPAÑOL	<i>Romeo y Julieta</i>	27
mércores 14	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	TEATRO ESPAÑOL	<i>Romeo y Julieta</i>	27
xoves 15	21.00	Santiago / Teatro Principal	ANCORA PRODUCCIÓN S	<i>Final de película</i>	04
venres 16	21.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	TEATRO DO NOROESTE	<i>Imperial Café Cantante: Vigo-1936</i>	27
venres 16	21.00	Santiago / Teatro Principal	ANCORA PRODUCCIÓN S	<i>Final de película</i>	04

ponte en  
escena!!

Data	Hora	Concello/Espazo	Compañía	Espectáculo	Páx. ficha
<b>Febreiro</b>					
venres 16	20.30	Arteixo / Centro Cívico Cultural	LUIS BOYANO	<i>Asombrosamente increíble</i>	36
venres 16	20.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	MAGO RICHARD	<i>Benvidos isto é maxia</i>	36
sábado 17	21.30	Ortigueira / Teatro da Beneficencia	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>Arte</i>	06
martes 20	17.30	Ponteareas / Auditorio Reveriano Soutullo	CHRISTYAN MAGIC	<i>Entroido máxico</i>	34
xoves 22	20.15	Monforte de Lemos / Edificio Multiusos	TEATRO DO MORCEGO	<i>O burgués fidalgo</i>	17
venres 23	21.00	Ames / Casa da Cultura de Bertamiráns	MALASOMBRA	<i>Non é tan fácil</i>	07
venres 23	20.30	Arteixo / Centro Cívico Cultural	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>O faro</i>	06
venres 23	20.30	Narón / Auditorio Municipal	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
venres 23	11.00	Burela / Casa da Cultura	TÍTERES CACHIRULO	<i>O libro da selva</i>	28
sábado 24	20.30	Cangas / Auditorio Municipal	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A raíña da beleza de Leenane</i>	17
sábado 24	18.00	Cariño / Auditorio Municipal	SARABELA TEATRO	<i>Cristovo e as marabillas</i>	28
sábado 24	20.00	Narón / Auditorio Municipal	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
sábado 24	22.00	Redondela / Multiusos da Xunqueira	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>Arte</i>	06
sábado 24	20.00	Cee / Salón de actos do Concello	CYRILLE SINCLAIR	<i>A nosa maxia</i>	34
sábado 24	18.00	Vigo / Auditorio Municipal	TEATRO DE LA LUNA	<i>Ferdinando</i>	28
sábado 24	21.30	Sanxenxo / Pazo Emilia Pardo Bazán	TEATRO DO MORCEGO	<i>O burgués fidalgo</i>	17
domingo 25	19.00	A Coruña / Fórum Metropolitano	TEATRO GALILEO	<i>O avaro</i>	27
domingo 25	20.00	Redondela / Multiusos da Xunqueira	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>Arte</i>	06
domingo 25	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	NOVE DOUS	<i>Fóra de xogo</i>	12
domingo 25	19.30	San Sadurniño / Centro sociocultural	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
domingo 25	18.00	As Pontes / Casa Dopeso	O MAGO TETO	<i>Perto de ti</i>	37
<b>Marzo</b>					
xoves 1	21.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	TEATRO DO NOROESTE	<i>Imperial Café Cantante: Vigo-1936</i>	27
venres 2	22.30	Cangas / Auditorio Municipal	TEATRO DE NINGURES	<i>Emigrados</i>	17
venres 2	22.00	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	TEATRO GALILEO	<i>O avaro</i>	27
venres 2	20.30	Narón / Auditorio Municipal	TEATRO DO MORCEGO	<i>O burgués fidalgo</i>	17
sábado 3	20.30	Cangas / Auditorio Municipal	TEATRO DE NINGURES	<i>Emigrados</i>	17
sábado 3	20.00	Narón / Auditorio Municipal	TEATRO DO MORCEGO	<i>O burgués fidalgo</i>	17
sábado 3	22.00	Redondela / Multiusos da Xunqueira	TEATRO GALILEO	<i>O avaro</i>	27
sábado 3	19.00	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	MAGO RICHARD	<i>Benvidos isto é maxia</i>	36
domingo 4	20.30	Betanzos / Aula Municipal de Cultura	SARABELA TEATRO	<i>Macbeth</i>	17
domingo 4	20.30	Cangas / Auditorio Municipal	TEATRO DE NINGURES	<i>Emigrados</i>	17
domingo 4	19.30	San Sadurniño / Centro sociocultural	SALA YAGO	<i>Merda</i>	13
martes 6	11.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	TALÍA TEATRO	<i>O merlo branco</i>	28
xoves 8	21.00	Ourense / Auditorio Municipal	TEATRO DE NINGURES	<i>Emigrados</i>	17
xoves 8	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	NUT TEATRO	<i>Corpos disidentes</i>	12
xoves 8	21.00	Santiago / Teatro Principal	TEATRO DO MORCEGO	<i>O burgués fidalgo</i>	17
venres 9	20.30	A Coruña / Teatro Rosalía Castro	ESPELLO CÓNCAVO	<i>Zardigot</i>	05
venres 9	20.30	Arteixo / Centro Cívico Cultural	MÁSCARA PROD.	<i>Asalto de cama</i>	07
venres 9	21.00	Carballo / Pazo da Cultura	A FACTORÍA TEATRO	<i>Os homes só contan ata tres</i>	04
venres 9	22.30	O Carballiño / Auditorio Municipal	NUT TEATRO	<i>Corpos disidentes</i>	12
venres 9	21.00	Santiago / Teatro Principal	TEATRO DO MORCEGO	<i>O burgués fidalgo</i>	17
venres 9	21.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
venres 9	18.00	Burela / Casa da Cultura	DECAMERÓN E CÍA.	<i>O xuízo da Adúltera Filipa</i>	38
sábado 10	20.30	A Coruña / Teatro Rosalía Castro	ESPELLO CÓNCAVO	<i>Zardigot</i>	05
sábado 10	20.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	QUINTETO DE VENTO METAL STA. CECILIA	<i>Concerto de vento metal</i>	28
sábado 10	20.30	A Coruña / Fórum Metropolitano	NUT TEATRO	<i>Corpos disidentes</i>	12
sábado 10	20.30	Caixanova	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06



Data	Hora	Concello/Espazo	Compañía	Espectáculo	Páx. ficha
<b>Marzo</b>					
sábado 10	20.00	Cee / Salón de actos do Concello	SAN & SAN	<i>Bar</i>	13
sábado 10	20.30	Oleiros / Auditorio Gabriel García Márquez	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>Arte</i>	06
sábado 10	20.30	Viveiro / Teatro Pastor Díaz	TEATRO DE NINGURES	<i>Misericordia</i>	17
sábado 10	21.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	VOCALISE	<i>A volta ao mundo en 747... Compases</i>	38
domingo 11	17.00	Ames / Casa da Cultura de Bertamiráns	CARAMUXO TEATRO	<i>Glub, Glub</i>	27
domingo 11	18.00	Vigo / Caixanova	TALÍA TEATRO	<i>O merlo branco</i>	28
xoves 15	11.00	Culleredo / Edificio de Servicios Múltiples	TEATRO GALILEO	<i>Rosso profundo in punto di morte</i>	27
xoves 15	20.15	Monforte de Lemos / Edificio Multiusos	TEATRO DE NINGURES	<i>Misericordia</i>	17
xoves 15	20.30	Ourense / Teatro Principal	SARABELA TEATRO	<i>Magar no pazo do tempo</i>	17
venres 16	11.00	Culleredo / Edificio de Servicios Múltiples	TEATRO GALILEO	<i>Rosso profundo in punto di morte</i>	27
venres 16	20.30	Culleredo / Edificio de Servicios Múltiples	TEATRO GALILEO	<i>Rosso profundo in punto di morte</i>	27
venres 16	21.00	Ourense / Auditorio Municipal	NOVE DOUS	<i>Fóra de xogo</i>	12
venres 16	20.30	Ourense / Teatro Principal	SARABELA TEATRO	<i>Magar no pazo do tempo</i>	17
venres 16	20.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	TEATRO DE LA LUNA	<i>Ferdinando</i>	28
venres 16	21.00	Ponteareas / Auditorio Reveriano Soutullo	MIMO-MAGO ANYO	<i>A maxia do silencio</i>	37
venres 16	20.30	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	GRUPO DE MÚSICA ANTIGA 1500	<i>«...estou de vós moito marabillado...»</i>	35
sábado 17	20.30	Vigo / Caixanova	TEATRO DE NINGURES	<i>Emigrados</i>	17
sábado 17	20.00	Cee / Salón de actos do Concello	TEATRO DEL ANDAMIO	<i>Yepeto</i>	17
sábado 17	20.00	Narón / Auditorio Municipal	MOFA E BEFA	<i>Sempre ao lonxe</i>	07
sábado 17	22.00	Redondela / Multiusos da Xunqueira	TEATRO DO MORCEGO	<i>O burgués fidalgo</i>	17
sábado 17	18.00	Vigo / Auditorio Municipal	TÍTERES TROMPICALLO	<i>Nadarín</i>	28
sábado 17	20.00	Cedeira / Auditorio Municipal	VOCALISE	<i>A volta ao mundo en 747... Compases</i>	38
sábado 17	21.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	TRÍO MUSICAL INTERMEZZO	<i>Astor Piazzola: La vida por el tango</i>	38
domingo 18	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	TEATRO GALILEO	<i>O avaro</i>	27
domingo 18	19.30	San Sadurniño / Centro sociocultural	TEATRO DE LA LUNA	<i>Ferdinando</i>	28
domingo 18	20.00	Cariño / Auditorio Municipal	CUARTETO CORDA «SOLISTAS DE GALICIA»	<i>Concerto de corda</i>	38
venres 23	20.30	Culleredo / Edificio de Servicios Múltiples	NOVE DOUS	<i>Fóra de xogo</i>	12
venres 23	20.30	Ferrol / Teatro Jofre	TEATRO ARCA	<i>Asesinos anónimos</i>	17
venres 23	21.30	Lalín / Novo Salón Teatro	MALASOMBRA	<i>Non é tan fácil</i>	07
venres 23	22.00	Noia / Teatro Coliseo Noela	MOFA E BEFA	<i>Sempre ao lonxe</i>	07
venres 23	21.00	Santiago / Teatro Principal	TITZINA TEATRE	<i>Entrañas</i>	27
venres 23	18.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	SARABELA TEATRO	<i>Cristovo e as marabillas</i>	28
venres 23	20.00	Viveiro / Teatro Pastor Díaz	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>O faro</i>	06
venres 23	20.00	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	MIMO-MAGO ANYO	<i>A maxia do silencio</i>	37
sábado 24	20.00	Cee / Salón de actos do Concello	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
sábado 24	20.00	Narón / Auditorio Municipal	TITZINA TEATRE	<i>Entrañas</i>	27
sábado 24	22.00	Redondela / Multiusos da Xunqueira	TEATRO ARCA	<i>Asesinos anónimos</i>	17
sábado 24	20.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	SALA YAGO	<i>Merda</i>	13
sábado 24	21.30	Sanxenxo / Pazo Emilia Pardo Bazán	NOVE DOUS	<i>Fóra de xogo</i>	12
sábado 24	20.30	Vitalba / Auditorio Carmen Estévez Eguigaray	MOFA E BEFA	<i>Sempre ao lonxe</i>	07
sábado 24	21.30	Burela / Casa da Cultura	CHRISTYAN MAGIC	<i>Entroido máxico</i>	34
domingo 25	20.30	Betanzos / Aula Municipal de Cultura	SALA YAGO	<i>Merda</i>	13
domingo 25	21.00	Ourense / Auditorio Municipal	TITZINA TEATRE	<i>Entrañas</i>	27
xoves 29	20.30	Pontevedra / Teatro Principal	ESPELLO CÓNCAVO	<i>Zardigot</i>	05
xoves 29	21.00	Santiago / Teatro Principal	TEATRO DO NOROESTE	<i>Romeo e Xulieta</i>	27
venres 30	21.00	Ames / Casa da Cultura do Milladoiro	A FACTORÍA TEATRO	<i>Os homes só contan ata tres</i>	04
venres 30	20.30	Ferrol / Teatro Jofre	SARABELA TEATRO	<i>Magar no pazo do tempo</i>	17
venres 30	21.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
venres 30	21.00	Santiago / Teatro Principal	TEATRO DO NOROESTE	<i>Romeo e Xulieta</i>	27

ponte en  
escena!!

Data	Hora	Concello/Espazo	Compañía	Espectáculo	Páx. ficha
<b>Marzo</b>					
venres 30	20.30	San Sadurniño / Centro sociocultural	TÍTERES CACHIRULO	<i>O libro da selva</i>	28
venres 30	21.30	Burela / Casa da Cultura	DÚO ANTÓN DE SANTIAGO-ALEXIS DíEZ	<i>Recital lírico</i>	38
sábado 31	20.00	Cee / Salón de actos do Concello	NUT TEATRO	<i>Corpos disidentes</i>	12
sábado 31	20.00	Narón / Auditorio Municipal	TEATRO DE NINGURES	<i>Misericordia</i>	17
sábado 31	20.30	Oleiros / Auditorio Gabriel García Márquez	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
sábado 31	21.00	Ponteareas / Auditorio Reveriano Soutullo	TEATRO DEL ANDAMIO	<i>Yepeto</i>	17
sábado 31	21.00	Santiago / Teatro Principal	TEATRO DO NOROESTE	<i>Romeo e Xullieta</i>	27
sábado 31	18.00	Vigo / Auditorio Municipal	LA IMAGINA MACHINA	<i>A viaxe de Eñi</i>	27
sábado 31	20.45	Vilanova de Arousa / Casa da Cultura do Esteiro	TEATRO GALILEO	<i>O avaro</i>	27
<b>Abril</b>					
domingo 1	19.00	A Coruña / Fórum Metropolitano	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>Memoria do 36</i>	17
domingo 1	17.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	TEATRO DE LA LUNA	<i>Ferdinando</i>	28
martes 3	18.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	TÍTERES EN ACCIÓN	<i>Trastos vellos</i>	28
mércores 4	18.00	Ponteareas / Auditorio Reveriano Soutullo	LA IMAGINA MACHINA	<i>A viaxe de Eñi</i>	27
mércores 4	18.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	TÍTERES TROMPICALLO	<i>Nadarín</i>	28
mércores 4	20.30	Ortigueira / Teatro da Beneficencia	DÚO ANTÓN DE SANTIAGO/ALEXIS DíEZ	<i>Recital Lírico</i>	38
sábado 7	18.00	Cariño / Auditorio Municipal	SARABELA TEATRO	<i>A gata con botas</i>	28
sábado 7	19.30	Foz / Sala Bahía	BERROBAMBÁN	<i>Buh!</i>	27
sábado 7	17.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	DISQUE DANZA	<i>Menú vexetal (Dame verde)</i>	28
sábado 7	18.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	PABLO NOJES E PÁPRIKA	<i>Qué pasa en la plaza III</i>	28
sábado 7	20.00	Cedeira / Auditorio Municipal	GRUPO DE MÚSICA ANTIGA «MARTÍN CODAX»	<i>Que eu sei muit* amar</i>	38
domingo 8	17.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	LA IMAGINA MACHINA	<i>A viaxe de Eñi</i>	27
luns 9	20.30	Ourense / Teatro Principal	SALA YAGO	<i>Merda</i>	13
martes 10	21.00	Santiago / Teatro Principal	A FACTORÍA TEATRO	<i>Castronós. O baile</i>	04
martes 10	20.00	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	MIMO-MAGO ANYO	<i>A maxia do silencio</i>	37
mércores 11	21.00	Santiago / Teatro Principal	A FACTORÍA TEATRO	<i>Castronós. O baile</i>	04
mércores 11	20.00	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	TALÍA TEATRO	<i>O merlo branco</i>	28
xoves 12	20.15	Monforte de Lemos / Edificio Multiusos	NOVE DOUS	<i>Fóra de xogo</i>	12
xoves 12	21.00	Santiago / Teatro Principal	A FACTORÍA TEATRO	<i>Castronós. O baile</i>	04
xoves 12	20.00	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	MIGALLAS TEATRO	<i>E se o cantamos?</i>	27
xoves 12	20.30	Vigo / Auditorio Municipal	MÁSCARA PROD.	<i>Asalto de cama</i>	07
venres 13	21.30	A Estrada / Teatro Principal	TANTTAKA TEATROA	<i>El florido pensil</i>	17
venres 13	21.00	Carballo / Pazo da Cultura	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
venres 13	19.00	Culleredo / Edificio de Servicios Múltiples	SARABELA TEATRO	<i>Cristovo e as marabillas</i>	28
venres 13	22.00	Noia / Teatro Coliseo Noela	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>O faro</i>	06
venres 13	21.00	Santiago / Teatro Principal	A FACTORÍA TEATRO	<i>Castronós. O baile</i>	04
venres 13	20.30	Vigo / Auditorio Municipal	MÁSCARA PROD.	<i>Asalto de cama</i>	07
venres 13	20.00	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	MAGO BENXAMÍN	<i>A maxia de Benxamín</i>	37
venres 13	18.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	ARTELLO- TEATRO ALLA SCALA	<i>De fábula</i>	28
venres 13	20.30	San Sadurniño / Centro sociocultural	TÍTERES TROMPICALLO	<i>Nadarín</i>	28
sábado 14	18.00	A Estrada / Teatro Principal	CARAMUXO TEATRO	<i>Glub, Glub</i>	27
sábado 14	19.30	Foz / Sala Bahía	LA IMAGINA MACHINA	<i>A viaxe de Eñi</i>	27
sábado 14	20.30	Oleiros / Auditorio Gabriel García Márquez	TANTTAKA TEATROA	<i>El florido pensil</i>	17
sábado 14	20.30	Vigo / Auditorio Municipal	MÁSCARA PROD.	<i>Asalto de cama</i>	07
sábado 14	20.30	Vilalba / Auditorio Carmen Estévez Eguigaray	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
sábado 14	18.00	Burela / Casa da Cultura	DANI GARCÍA	<i>Cousa de maxia</i>	36
sábado 14	20.00	Cariño / Auditorio Municipal	DÚO INSTRUMENTAL DIRECCIÓN	<i>Concerto «Los maestros españoles»</i>	38
sábado 14	20.30	Ortigueira / Teatro da Beneficencia	QUINTETO DE VENTO PENTAFONÍA	<i>Concerto de música</i>	38




Data	Hora	Concello/Espazo	Compañía	Espectáculo	Páx. ficha
<b>Abril</b>					
sábado 14	20.30	Viveiro / Teatro Pastor Díaz	ESPELLO CÓNCAVO	<i>Zardigot</i>	05
sábado 14	20.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	OMAR PERCUSSION GROUP	<i>Marimba clásica</i>	38
domingo 15	17.00	Ames / Casa da Cultura do Milladoiro	MIGALLAS TEATRO	<i>E se o cantamos?</i>	27
domingo 15	20.30	Betanzos / Aula Municipal de Cultura	OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN	<i>O gordo e o calvo van ó médico</i>	13
domingo 15	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	ERRE QUE ERRE	<i>Deberían llover cristales</i>	31
xoves 19	20.30	Pontevedra / Teatro Principal	TANTTAKA TEATROA	<i>El florido pensil</i>	17
venres 20	21.00	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	TEATRO DE NINGURES	<i>Tartufo</i>	17
venres 20	21.30	Lalín / Novo Salón Teatro	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
venres 20	18.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	TEATRO DO LILÓ	<i>A lampariña de cristal</i>	28
sábado 21	18.00	A Estrada / Teatro Principal	SARABELA TEATRO	<i>Cristovo e as maravillas</i>	28
sábado 21	20.30	Cangas / Auditorio Municipal	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>Arte</i>	06
sábado 21	19.30	Foz / Sala Bahía	TALÍA TEATRO	<i>O merlo branco</i>	28
sábado 21	21.30	Ponteareas / Auditorio Reveriano Soutullo	TEATRO DE NINGURES	<i>Emigrados</i>	17
sábado 21	21.30	Sanxenxo / Pazo Emilia Pardo Bazán	TEATRO GALILEO	<i>O avaro</i>	27
sábado 21	19.00	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	MAGO KIKO	<i>Arcos da vella</i>	36
sábado 21	20.30	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	QUINTETO DE VENTO METAL STA. CECILIA	<i>Concerto de vento metal</i>	38
sábado 21	20.30	Ortigueira / Teatro da Beneficencia	OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN	<i>O gordo e o calvo van ao médico</i>	13
domingo 22	18.00	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	BERROBAMBÁN	<i>Buh!</i>	27
domingo 22	21.00	Noia / Teatro Coliseo Noela	SAN & SAN	<i>Bar</i>	13
domingo 22	19.30	Ponteareas / Auditorio Reveriano Soutullo	OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN	<i>O gordo e o calvo van ó médico</i>	13
domingo 22	20.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	TEATRO GALILEO	<i>O avaro</i>	27
domingo 22	18.30	Vilanova de Arousa / Casa da Cultura do Esteiro	MIGALLAS TEATRO	<i>E se o cantamos?</i>	27
domingo 22	17.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	ARTELLO- TEATRO ALLA SCALA	<i>De fábula</i>	28
xoves 26	21.00	Ourense / Auditorio Municipal	YLLANA TEATRO	<i>Pagagnini</i>	27
xoves 26	21.00	Santiago / Teatro Principal	ESPELLO CÓNCAVO	<i>Zardigot</i>	05
venres 27	21.00	Ames / Casa da Cultura de Bertamiráns	A INTERNACIONAL	<i>Perón, Perón</i>	05
venres 27	20.30	Ferrol / Teatro Jofre	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
venres 27	21.30	Lalín / Novo Salón Teatro	MOFA E BEFA	<i>Sempre ao lonxe</i>	07
venres 27	21.30	Ponteareas / Auditorio Reveriano Soutullo	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>Arte</i>	06
venres 27	21.00	Santiago / Teatro Principal	ESPELLO CÓNCAVO	<i>Zardigot</i>	05
venres 27	20.00	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	TEATRO DE LA LUNA	<i>Ferdinando</i>	28
venres 27	20.30	San Sadurniño / Centro sociocultural	ARTELLO- TEATRO ALLA SCALA	<i>De fábula</i>	28
venres 27	20.30	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	DÚO ANTÓN DE SANTIAGO-ALEXIS DíEZ	<i>Recital lírico</i>	38
venres 27	21.30	Burela / Casa da Cultura	GRUPO DE MÚSICA ANTIGA «MARTÍN CODAX»	<i>Que eu sei muit' amar</i>	38
sábado 28	22.30	Vigo / Caixanova	A FACTORÍA TEATRO	<i>Castronós. O baile</i>	04
sábado 28	21.30	Ponteareas / Auditorio Reveriano Soutullo	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>Arte</i>	06
sábado 28	21.00	Carballo / Pazo da Cultura	B. STUDIO	<i>De meu</i>	30
sábado 28	18.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	ARTELLO- TEATRO ALLA SCALA	<i>De fábula</i>	28
domingo 29	20.00	Cariño / Auditorio Municipal	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>Arte</i>	06
domingo 29	20.30	Lugo / Auditorio Municipal Gustavo Freire	NUT TEATRO	<i>Corpos disidentes</i>	12
domingo 29	18.30	Ponteareas / Auditorio Reveriano Soutullo	MIGALLAS TEATRO	<i>E se o cantamos?</i>	27
domingo 29	21.00	Santiago / Teatro Principal	PISANDO OVOS	<i>No intre 1800</i>	33
<b>Mai</b>					
xoves 3	20.30	Pontevedra / Teatro Principal	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>Memoria do 36</i>	17
xoves 3	11.00	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	BERROBAMBÁN	<i>Buh!</i>	27
xoves 3	21.00	Santiago / Teatro Principal	A INTERNACIONAL	<i>Perón, Perón</i>	05
venres 4	18.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	TEATRO DE LA LUNA	<i>Ferdinando</i>	28
venres 4	21.30	A Estrada / Teatro Principal	MOFA E BEFA	<i>Sempre ao lonxe</i>	07

ponte en  
escena!!



Data	Hora	Concello/Espazo	Compañía	Espectáculo	Páx. ficha
<b>Maio</b>					
venres 4	21.00	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>O faro</i>	06
venres 4	20.30	Culleredo / Edificio de Servicios Múltiples	ESPELLO CÓNCAVO	<i>Zardigot</i>	05
venres 4	20.30	Ourense / Teatro Principal	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
venres 4	21.00	Santiago / Teatro Principal	A INTERNACIONAL	<i>Perón, Perón</i>	05
venres 4	21.00	Carballo / Pazo da Cultura	INQUEDANZA	<i>En la cuenca de tus ojos</i>	32
venres 4	20.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	ARTELLO- TEATRO ALLA SCALA	<i>De fábula</i>	28
sábado 5	18.00	A Estrada / Teatro Principal	OS COLOMBAÍÑOS	<i>Os Colombaíños</i>	28
sábado 5	19.30	Foz / Sala Bahía	TEATRO DE NINGURES	<i>Tartufo</i>	17
sábado 5	20.00	Narón / Auditorio Municipal	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>Memoria do 36</i>	17
sábado 5	20.30	Ourense / Teatro Principal	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
sábado 5	19.30	Vilanova de Arousa / Casa da Cultura do Esteiro	TALÍA TEATRO	<i>O merlo branco</i>	28
sábado 5	21.00	Carballo / Pazo da Cultura	10&10 DANZA	<i>Hebras de mujer</i>	33
sábado 5	18.00	Burela / Casa da Cultura	MAGO RICHARD	<i>Benvidos isto é maxia</i>	36
sábado 5	20.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	JULIA CEA E MONDELLO QUARTET	<i>Concerto do corda e voz</i>	38
sábado 5	20.30	Ortigueira / Teatro da Beneficencia	LUDUS TONALIS	<i>Xogos tonais</i>	38
domingo 6	18.00	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	TALÍA TEATRO	<i>O merlo branco</i>	28
domingo 6	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	MOFA E BEFA	<i>Sempre ao lonxe</i>	07
domingo 6	20.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	TEATRO DOS TIRINAUTAS	<i>O último chimpín</i>	27
martes 8	12.00	Lalín / Novo Salón Teatro	OS COLOMBAÍÑOS	<i>Os Colombaíños</i>	28
martes 8	18.00	Monforte de Lemos / Casa da Cultura	TÍTERES CACHIRULO	<i>O libro da selva</i>	28
mércores 9	10.00	Lalín / Novo Salón Teatro	OS COLOMBAÍÑOS	<i>Os Colombaíños</i>	28
mércores 9	12.00	Lalín / Novo Salón Teatro	OS COLOMBAÍÑOS	<i>Os Colombaíños</i>	28
mércores 9	11.00	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	TÍTERES EN ACCIÓN	<i>Trastos vellos</i>	28
xoves 10	21.00	Ourense / Auditorio Municipal	ERRE QUE ERRE	<i>Deberían llover cristales</i>	31
venres 11	21.30	A Estrada / Teatro Principal	YLLANA TEATRO	<i>Pagagnini</i>	27
venres 11	22.30	Vigo / Caixanova	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>Arte</i>	06
venres 11	20.30	Ferrol / Teatro Jofre	TEATRO DO NOROESTE	<i>Romeo e Xulieta</i>	27
venres 11	22.00	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	COMPANHIA DO CHAPITÔ	<i>O grande criador</i>	05
venres 11	22.00	Noia / Teatro Coliseo Noela	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
venres 11	21.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	BERROBAMBÁN	<i>Buh!</i>	27
venres 11	11.00	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	ESPELLO CÓNCAVO	<i>Zardigot</i>	05
venres 11	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	ESPELLO CÓNCAVO	<i>Zardigot</i>	05
venres 11	20.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	O MAGO TETO	<i>Perto de ti</i>	37
venres 11	20.00	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	TÍTERES TROPICALLO	<i>Nadarín</i>	28
sábado 12	18.00	A Estrada / Teatro Principal	OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN	<i>O gordo e o calvo van ó médico</i>	13
sábado 12	19.30	Foz / Sala Bahía	TEATRO GALILEO	<i>O avaro</i>	27
sábado 12	21.30	Ponteareas / Auditorio Reveriano Soutullo	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
sábado 12	20.30	Vilalba / Auditorio Carmen Estévez Eguigaray	COMPANHIA DO CHAPITÔ	<i>O grande criador</i>	05
sábado 12	19.00	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	MAGO BENXAMÍN	<i>A maxia de Benxamín</i>	37
sábado 12	18.00	Vigo / Auditorio Municipal	PABLO NOJES E PÁPRIKA	<i>Qué pasa en la plaza III</i>	28
sábado 12	20.00	Cariño / Auditorio Municipal	QUINTETO DE VENTO PENTAFONÍA	<i>Concerto de música</i>	38
domingo 13	17.00	Ames / Casa da Cultura de Bertamiráns	BERROBAMBÁN	<i>Buh!</i>	27
domingo 13	12.00	As Pontes	MIGALLAS TEATRO	<i>E se o cantamos?</i>	27
domingo 13	18.00	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	SARABELA TEATRO	<i>Cristovo e as marabillas</i>	28
domingo 13	20.00	Ourense / Teatro Principal	TANTTAKA TEATROA	<i>El florido pensil</i>	17
domingo 13	19.30	Ponteareas / Auditorio Reveriano Soutullo	MAGO RICHARD	<i>Benvidos isto é maxia</i>	36
domingo 13	17.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	TEATRO DO LILÓ	<i>A lampariña de cristal</i>	28
martes 15	18.00	Monforte de Lemos / Casa da Cultura	TEATRO DO LILÓ	<i>A lampariña de cristal</i>	28
mércores 16	21.00	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	SAN & SAN	<i>Bar</i>	13



Data	Hora	Concello/Espazo	Compañía	Espectáculo	Páx. ficha
<b>Maio</b>					
xoves 17	20.00	Cariño / Auditorio Municipal	MOFA E BEFA	<i>Sempre ao lonxe</i>	07
xoves 17	20.30	Ferrol / Teatro Jofre	TEATRO DE NINGURES	<i>Emigrados</i>	17
xoves 17	21.00	Ourense / Auditorio Municipal	DISQUE DANZA	<i>Cadaseu chapeu</i>	30
xoves 17	18.00	Burela / Casa da Cultura	PABLO NOJES E PÁPRIKA	<i>Qué pasa en la plaza III</i>	28
venres 18	21.30	A Estrada / Teatro Principal	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
venres 18	21.00	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	MOFA E BEFA	<i>Sempre ao lonxe</i>	07
venres 18	22.30	O Carballiño / Auditorio Municipal	TEATRO GALILEO	<i>O avaro</i>	27
venres 18	21.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	TEATRO DOS TIRINAUTAS	<i>O último chimpín</i>	27
sábado 19	21.00	Ourense / Auditorio Municipal	TEATRO GALILEO	<i>O avaro</i>	27
sábado 19	21.30	Sanxenxo / Pazo Emilia Pardo Bazán	TEATRO DOS TIRINAUTAS	<i>O último chimpín</i>	27
sábado 19	18.00	Burela / Casa da Cultura	TÍTERES EN ACCIÓN	<i>Trastos vellos</i>	28
xoves 24	21.00	Santiago / Teatro Principal	MALASOMBRA	<i>Non é tan fácil</i>	07
venres 25	21.30	A Estrada / Teatro Principal	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>Arte</i>	06
venres 25	21.00	Ames / Casa da Cultura do Milladoiro	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	06
venres 25	21.00	Santiago / Teatro Principal	MALASOMBRA	<i>Non é tan fácil</i>	07
venres 25	20.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	LA IMAGINA MACHINA	<i>A viaxe de Efi</i>	27
sábado 26	19.30	Foz / Sala Bahía	TEATRO DO MORCEGO	<i>O burgués fidalgo</i>	17
sábado 26	21.00	Santiago / Teatro Principal	NOVA GALEGA DE DANZA	<i>Engado</i>	33
sábado 26	18.00	Vigo / Auditorio Municipal	TÍTERES EN ACCIÓN	<i>Trastos vellos</i>	28
xoves 31	21.00	Ourense / Auditorio Municipal	NOVA GALEGA DE DANZA	<i>Engado</i>	33
<b>Xuño</b>					
venres 1	21.00	Lalín / Novo Salón Teatro	TEATRO DOS TIRINAUTAS	<i>O último chimpín</i>	27
venres 1	20.30	Vigo / Auditorio Municipal	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>O faro</i>	06
venres 1	20.00	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	TÍTERES EN ACCIÓN	<i>Trastos vellos</i>	28
sábado 2	22.30	Cangas / Auditorio Municipal	YLLANA TEATRO	<i>Pagagnini</i>	27
sábado 2	20.30	Vigo / Auditorio Municipal	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>O faro</i>	06
sábado 2	20.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	KARLIK DANZA-TEATRO	<i>Niña Frida</i>	32
sábado 2	21.00	Santiago / Teatro Principal	ERRE QUE ERRE	<i>Deberían llover cristales</i>	31
domingo 3	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	OS QUINQUILLÁNS	<i>A diáspora</i>	12
venres 8	21.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	MOFA E BEFA	<i>Sempre ao lonxe</i>	07
venres 8	21.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	TANTTAKA TEATROA	<i>El florido pensil</i>	17
sábado 9	21.00	Ortigueira / Teatro da Beneficencia	TEATRO DEL ANDAMIO	<i>Yepeto</i>	17
sábado 9	21.30	Sanxenxo / Pazo Emilia Pardo Bazán	MOFA E BEFA	<i>Sempre ao lonxe</i>	07
sábado 9	18.00	Vigo / Auditorio Municipal	BERROBAMBÁN	<i>Buh!</i>	27
sábado 9	20.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	DISQUE DANZA	<i>Menú vexetal (Dame verde)</i>	28
domingo 10	17.00	Ames / Casa da Cultura do Milladoiro	SARABELA TEATRO	<i>A gata con botas</i>	28
xoves 14	18.00	Ourense / Auditorio Municipal	EXPERIMENTA DANZA	<i>Arte a escena</i>	31
venres 15	21.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	COMPANHIA DO CHAPITÔ	<i>O grande criador</i>	05
venres 15		Ourense / Auditorio Municipal	SARABELA TEATRO	<i>A gata con botas</i>	28
sábado 16	21.00	Vilanova de Arousa / Casa da Cultura do Esteiro	TEATRO DEL ANDAMIO	<i>Yepeto</i>	17
sábado 16	20.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	COLECTIVO DANZÓN	<i>Viaxe pola danza</i>	30
domingo 17		Ourense / Auditorio Municipal	LA IMAGINA MACHINA	<i>A viaxe de Efi</i>	27
mércores 20	11.00	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	DRUÍDA DANZA	<i>Verde transparente</i>	31
sábado 23	21.00	Santiago / Teatro Principal	EXPERIMENTA DANZA	<i>Arte a escena</i>	31
sábado 23	20.30	Ortigueira / Teatro da Beneficencia	OS QUINQUILLÁNS	<i>A diáspora</i>	12
venres 29	21.00	Ames / Casa da Cultura de Bertamiráns	NOVE DOUS	<i>Fóra de xogo</i>	12
sábado 30	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	JAVIER MARTÍN	<i>Insultos privados</i>	32

ponte en  
escena!!



### IMPERIAL CAFÉ CANTANTE: VIGO-1936

Teatro do Noroeste

Autor: Eduardo Alonso / Dirección: Eduardo Alonso  
Elenco: Carlos Mosquera, Inma Antonio, Luma Gómez, Miguel Pernas, Mon Orenco, Xavier Estévez, Xan Casas, Brandán Lourenzo, Xosé Vilarelle e Maxo Barjas  
Xénero: Teatro de actor.

Nos convulsos anos 30, O Imperial, café cantante, trata de superar a competencia dos outros dous cafés cantantes de Vigo contratando unha cantante portuguesa especialista en fados: María das Neves. O seu debut congregará no café a flor da noite viguesa. Cunha porta aberta ao mar Atlántico e outra a Portugal, Vigo é, nestes anos, un ferreiro de xente, ata que o 14 de xullo de 1936 asasinan o deputado dereitista José Calvo Sotelo e estala a Guerra Civil.

+info en: [www.teatrodonoeste.com](http://www.teatrodonoeste.com)



### ROMEO E XULIETA

Teatro do Noroeste

Autor: William Shakespeare / Dirección: Eduardo Alonso  
Elenco: Dez novos actores e actrices de menos de 23 anos / Xénero: Teatro de actor.

Unha lectura atenta do libro de Shakespeare revela, ao seu comezo, que o conflito entre os Capuleto e os Montesco non condiciona traxicamente o amor de Romeo e Xulieta, ata que a actitude impulsiva e precipitada do namorado aviva o lume da, ata entón, amainada inimidade entre familias; ata o punto de que o propio concepto do amor deixa de ser un dos factores desencadeadores da traxedia.

+info en: [www.teatrodonoeste.com](http://www.teatrodonoeste.com)



### O ÚLTIMO CHIMPÍN

Teatro dos Tirinautas

Dirección: Xosé Lueiro / Elenco: José Manuel Puente "Isi", David Amor, Xavier Lorenzo "Melchor", Toño Pena, Chela do Rejo, Gonzalo Varcácel, Paula García  
Xénero: Teatro de actor.

Aloucada comedia familiar de enredo, protagonizada polos televisivos Isi e David Amor (TVG), onde o choque entre a mentalidade rural dun home e a familia burguesa que o acolle serven de partida para este espectáculo, cheo de situacións cómicas, equívocos e chiscos de ollo á nosa realidade.

+info en: [www.culturactiva.org](http://www.culturactiva.org)



### ROMEO Y JULIETA

Teatro Español de Madrid

Autor: Shakespeare / Dirección: Olga Margallo  
Elenco: Víctor Ullate, Marina Raggio, Rosa Clara García, Iván Villanueva, Víctor Gil, Manuel Mata, Celia Vergara  
Audiovisual: Petra Martínez e Juan Margallo  
Xénero: Teatro de actor.

Unha parella de anciáns son os narradores que lle axudan ao espectador a comprender a relación entre os Capuleto e os Montesco. Todos os personaxes actúan, se moven e falan sempre guiados e manipulados por Shakespeare, que controla toda a escena. Contra el rebélase Xulieta e o resto dos protagonistas, que semellan non estaren de acordo co seu papel. Romeo e a súa namorada conseguen escapar do seu tráxico final. Mentres, os anciáns narradores teñen unha moi boa noticia que darnos...



### ROSSO PROFONDO IN PUNTO DI MORTE

Teatro Galileo

Autor: Luigi Lunari / Dirección: Pedro Rubín  
Elenco: Fernando Morán / Xénero: Teatro de actor.

¿Por que valoramos a vida cando xa non a temos? ¿Por que cando nos din que imos morrer atopamos o verdadeiro significado da vida a punto de extinguirse? Nesta obra, o presidente dun país, logo de se lle diagnosticar unha doenza mortal, decide poñer en práctica todas as súas ilusións descubriendo novamente o pracer e o significado da súa propia vida.



### O AVARO

Teatro Galileo

Autor: Molière / Dirección: Pedro Rubín / Elenco: César Cambeiro, Raúl Varo, Teresa Horro, Xosé Baño "Tanas", Marita Martínez e Ana Santos / Xénero: Teatro de actor.

Nesta recoñecida peza, Molière mestura escenas de carácter case dramático con outras abertamente hilarantes e coloristas. Todo o esforzo creador do autor se concentra na recreación do xeito de vida do personaxe principal, Harpagón, dominado polo pecado universal da avaricia. Esta cobiza obstinada do protagonista lévaa a enfrontarse aos seus fillos, que se convierten nun obstáculo para realizar os seus apaixonados obxectivos.



### ENTRAÑAS

Titzina Teatro

Autor: Titzina Teatre / Dirección: Stefan Metz  
Elenco: Laila Martí, Pako Merino e Diego Lorca  
Xénero: Teatro de actor.

Mentres espera no hospital a que naza o seu fillo, Sole lembra os últimos nove meses que lle mudaron a vida. Co anuncio da súa maternidade, xorde nela a necesidade de saber máis sobre o seu pasado. É aí cando atopa un baleiro na memoria familiar, e empeza unha viaxe por todo o país para saber o destino final do seu avó Josep, desaparecido na Guerra Civil española. Unha viaxe física e emocional que lle afectará á súa propia vida, introducíndoa nun tema que ata daquela descoñecera: a guerra.



### PAGAGNINI

Yllana Teatro

Autor: Yllana / Dirección: Yllana / Elenco: Ara Malikian, Eduardo Ortega, Gartxot e Thomas / Xénero: Teatro de actor.

O humor e a tolemia de Yllana e a música reúnense nun mesmo plano. A través do virtuosismo de catro grandes músicos, capitaneados polo mestre Ara Malikian, Pagagnini repasa algúns momentos estelares da música clásica fusionada con outros estilos musicais. Consegue un divertido e sorprendente desconcerto, co que pretende reinventar a maneira de concibir un recital e as impresións do público.

+info en: [www.yllana.com](http://www.yllana.com)



### BUH!

Berrobambán Teatro

Autor: Creación Colectiva / Dirección: Paula Carballeira  
Elenco: Manuel Vázquez, Teresa Rodríguez, Lorena Conde, Chiqui Pereira, Paula Carballeira / Xénero: Teatro de actor.

¿Quen non pasou unha noite de medo? O medo adoita ser máis poderoso ca nós, gaña case todas as batallas, vólvenos pequenos e indefensos. Pero, ¿e se ao medo lle puxésemos un nariz de palla? ¿Poderíase rir de si mesmo? ¿E nós del? Por suposto, ademais é moi probable que cando nos riamos del se volva unha criatura pequena e indefensa, e todo por poñerlle un nariz de palla.

+info en: [www.berrobamban.com](http://www.berrobamban.com)



### GLUB, GLUB

Caramuxo Teatro

Autor: Juan Rodríguez / Dirección: Juan Rodríguez  
Elenco: Juan Rodríguez / Xénero: Teatro de actor.

Primeiro espectáculo para bebés realizado en Galicia. Unha montaxe para nenos de seis meses a tres anos acompañados por adultos. *Glub, Glub* conta a historia da amizade entre un barquiño de papel afundido no fondo do mar e un peixe xoguetón. Unha montaxe chea de estímulos e cunha linguaxe sinxela, case xestual que introduce os máis novos nunha aventura fantástica e sorprendente.



### A VIAXE DE EFI

La Imagina Machina

Autor: Suso Díaz / Dirección: Suso Díaz / Elenco: Nate Borrajo, Tito Asorey, María Gallego, David Varela  
Música en directo: José Lamelas / Xénero: Teatro de actor.

Efi é unha pequena mosca que acaba de nacer. A súa nai anímaa a que goce da efémera vida que ten por diante. Vivirá entón momentos ledos, tristes, fantásticos, coñecerá outros habitantes dos bosques que lle ensinarán a súa forma de ver a vida e, sobre todo, de como aproveitala. E, ao final..., un canto á diversidade, á solidariedade, á tolerancia e, fundamentalmente, á amizade.



### E SE O CANTAMOS?

Migallas Teatro

Autores: María Campos e Carlos Yus / Dirección: María Campos / Elenco: María Campos, Carlos Yus  
Xénero: Teatro de actor.

As cancións combínanse con escenas breves para tratar temas coma os xogos colectivos e tradicionais fronte aos videoxogos e aos xoguetes electrónicos, a importancia das relacións entre avós e netos, a violencia e a publicidade na televisión, os xoguetes bélicos e sexistas, a problemática do galego e o castelán (país e nais que falan en galego entre eles e en castelán cos fillos), a importancia da música e do baile...

+info en: [www.migallas.com](http://www.migallas.com)



## OS COLOMBAIÑOS

Os Colombaíños

Autores: Carlo Colombaioni e Os Colombaíños  
Dirección: Carlo Colombaioni / Elenco: David Pernas, Clara González, José Leis, Vanesa Rivas, Xosé A. Touriñán, Keke Díez, Patricia Rodríguez e Cristina Ramallal / Xénero: Teatro de actor.

A obra componse de varios números clásicos de *clown* que se enmarcan dentro dun fío argumental: O Sr. Retrinco, diante da crise económica que atravesa o seu circo, decide pechalo. Os seus pallasos, os Colombaíños, únicos artistas que aínda permanecen na carpa, ofrécense para sacar adiante a que quizais sexa a derradeira función do vello Circo do Retrinco.



## A GATA CON BOTAS

Sarabela Teatro

Autor: Ludwig Tieck / Dirección: Ánxeles Cuña  
Elenco: Nate Borrajo, Fina Calleja, Fernando Dacosta, Suso Díaz, Sabela Gago e Elena Seijo / Xénero: Teatro de actor.

*A gata con botas* é unha versión de Sarabela Teatro do coñecido conto tradicional de Perrault. Cunha marquesa e unha gata espelida para axudarlle á súa amiga e liberar o pobo da tiranía do Coco, recréase unha das historias máis engaiolantes de todos os tempos.



## CRISTOVO E AS MARABILLAS

Sarabela Teatro

Autor: Fina Calleja / Dirección: Fina Calleja  
Elenco: Fernando Dacosta, Tito R. Asorey, Sabela Gago, Elena Seijo e Fina Calleja / Manipuladores: José Bayón e Rubén Dobaños / Xénero: Teatro de actor.

Colón é un neno que aborrece a escola e quere viaxar. Cre que a coraxe e a forza son a súa mellor carta de presentación. É inxenuo pensar que ninguén se vai aproveitar de tan boas intencións. *Sofía* e o *Libro das marabillas* descubriránlle que a máis grande aventura está no coñecemento. ¿Como, se non, un neno de doce anos pode coñecer Armenia, Bagdad, as estepas tártaras ou a corte de Kublai Kan?



## O MERLO BRANCO

Talía Teatro

Autor: Cándido Pazó / Dirección: Artur Trillo  
Elenco: Marta Ríos, Toño Casais, Rosi Barcala, David Creus, Dani Trillo, Gustavo G. Dieste, María Ordóñez  
Xénero: Teatro de actor.

Papá Merlo e Mamá Merlo teñen un merliño. ¡Que ilusión! ¡Un merliño! Pero cando o merliño nace... resulta que é branco. ¡Pero se todos os merlos son negros! ¡Todos! O merliño, ao verse rexeitado polos seus pais, decide marchar da casa. É aquí cando comeza a súa aventura na busca de paxaros aos que asemellarse. Se non é un merlo, ¿que é?



## DE FÁBULA

Artello - Teatro Alla Scala 1:5

Autores: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro  
Dirección: Manuel Pombal  
Elenco-Manipuladores: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro / Xénero: Teatro de monicreques.

Bulebule é unha raposa que xa ten idade para deixar a casa dos seus pais. O bosque agárdaa inzado de riscos, mais ela cre que é quen de superalos. O escenario é un bosque feito con tecidos reutilizados no que a luz e a música nos revelarán os seus recunchos máis sorprendentes.

+info en: [www.artello.com](http://www.artello.com)



## QUÉ PASA EN LA PLAZA III

Pablo Nojes y Páprika Teatro

Autor: Pablo Nojes / Dirección: Pablo Nojes  
Elenco-Manipuladores: Pablo Nojes / Xénero: Teatro de monicreques.

Un xograr presenta nunha praza varios dos seus personaxes: Un pallaso que loita por poñer o nariz e se namora dunha flor; un concertista de frauta interrompido de súpeto por un ximnasta; un vendedor de mel que caza sons nos seus frascos.

+info en: [www.pablonojos.com](http://www.pablonojos.com)



## FERDINANDO

Teatro de la Luna

Autor: Eulalia Domingo Álvaro / Dirección: Benjamín Alonso / Elenco-Manipuladores: Florencia Giusti e Juan Manuel Recover / Xénero: Teatro de monicreques.

Ferdinando é feliz na devesa. Medrou no campo e saborea os seus arrecendos. Un día chegan alí uns homes que buscan touros para a corrida de Madrid. Cando ven correr a Ferdinando furioso porque lle picou unha avesa no cu, crerán ter atopado o exemplar máis feroz. Pero, ¿que fará no medio da praza se a el non lle gusta pelexar?



## A LAMPARIÑA DE CRISTAL

Teatro do Liló

Autor: Anónimo - Conto popular de tradición oral  
Dirección: Mario Roldán / Elenco-Manipuladores: Mario Roldán, Helena Fernández e Lucía Vázquez  
Xénero: Teatro de monicreques.

Marucontos (moneco de mesa) é unha muller que procura os sorrisos dos nenos que a buscan para escoitar os seus contos. Cipriano (moneco de fio) é o rapaz que adocece por escoitala. O conto a representar (sombras chinesas) é a historia de dous irmáns, un pobre aventureiro e un rico envidioso, aos que lles cambiará a vida.



## O LIBRO DA SELVA

Títeres Cachirulo

Autor: R. Kipling / Dirección: Jorge Rey  
Elenco-Manipuladores: Carmen Domech, Jorge Rey  
Xénero: Teatro de monicreques.

Na espesura da selva, o malvado tigre Sherekan ataca a aldea dos homes. Mowgli, un rapaciño escorregadizo, escapa e busca refuxio na cova dos lobos, que se converterán na súa nova familia, coa que vivirá divertidas experiencias ata que se teña que enfrontar cara a cara a Sherekan.

+info en: [www.titerescachirulo.com](http://www.titerescachirulo.com)




## TRASTOS VELLÓS

Títeres en acción

Autor: Guy Bobillo Pérez / Dirección: Guy Bobillo  
Elenco-Manipuladores: Marcos Escariz e Guy Bobillo  
Xénero: Teatro de monicreques.

Unha disparatada banda terá que unir as súas forzas para evitar que os humanos limpen o vello faiado en que conviven. Cun guiño orixinal e cancións propias, a historia está chea de gags intemporais, nun escenario que se afasta do tradicional monicreque.



## NADARÍN

Títeres Tropicallo

Autor: Cristina Ferreirós / Dirección: Plamen Dipchikov  
Elenco-Manipuladores: Marian González e Luis González  
Xénero: Teatro de monicreques.

Nadarín, un pequeno peixe de papel, consegue escapar da destrución e internarse no mar, converténdose nun peixe de verdade. Comeza para el unha aventura que o levará a coñecer outras criaturas mariñas e a saber o que é o medo cando ten que facer fronte ao Peixe Enorme que tentará destruír a vida no mar.



## MENÚ VEXETAL (DAME VERDE)

Disque Danza

Autora: Paula Carballeira / Dirección: Carmela Bueno e Alfredo Rodríguez / Elenco: Carmela Bueno, Olivia Maté, Paula Cobián, Olga Cameselle (bailarinas) / Nuria Gullón (actriz) / Xénero: Danza contemporánea.

A cor verde non é unha cor aburrida. Ninguén diría iso. O verde é a cor da paisaxe con boa saúde, da esperanza nova, do mar cheo de algas. Verde é a vida. Verdes son os ollos dos gatos negros, que anuncian misterios. Verdes son as herbas que curan e as herbas que matan. Daquela, ¿por que o verde é a cor da comida aburrida? ¿Por que o verde non é a cor da comida que anuncia misterios, a comida con maxia, a comida que pide aventura?

## O quinto elemento

Camilo Franco

Seguramente hai moitas formas de facelo, pero ningunha parece nunca por completo satisfactoria. Dáse unha confusión no occidente cultural da clase media ao tentar cadrar as leis do espectáculo seguindo normas culturais. Os hermeneutas de media clase, inducidos polo mesmo erro, tentan dirixirse a unha sociedade con barullo de masas con besbellos para minorías e así non hai xeito de cubrir obxectivos.

Nesta confusión paneuropea quizais se esqueceu que o teatro e os seus derivados é un asunto que se fai para os espectadores e se representa para o público. Está feito para os individuos pero comunícase aos colectivos. Hai días que tamén esquecemos que todo colectivo está formado por individuos animados por unha psicoloxía que non sempre é a súa particular.

Pero non se pode facer teatro sen público, como non se pode facer chocolate sen cacao. Para os sistemas desprotexidos de si mesmos, como o galego, a batalla pendente non é a da normalización dos autores, a revalorización do papel das actrices, a incorporación ás dramaturxias contemporáneas, a creación dun circuíto ou que alguén consiga unha residencia fixa e poida vender a furgoneta. A guerra é conseguir que a xente que apaga o seu ocio entre os bares e as beirarrúas cambie o espazo ficcional da vía pública polo espazo non menos ficcional do teatro. O público: que necesidade e que medo.

Mentres encontramos público haberá que ter en conta que, para convencer alguén, primeiro teremos que darlle algo do que pide. Algún tipo de satisfacción. Sobre todo se están dispostos a pagar. Espectáculo e cultura non están necesariamente xuntos, por máis que algunha vez compartan público. Pero quizais non é realista facer cultura e ter espectadores como se fixeses espectáculo.

No que o teatro galego, entregado moito antes á cultura que ao espectáculo, gañou territorios foi no da variedade. Aínda que o mercado segue sendo tutelado, cando menos na oferta hai posibilidade de que as minorías se disgreguen máis, se sintan máis a gusto e vaian, en linguaxe mercantil, atopando o seu nicho particular. Un mira a programación do IGAEM para os vindeiros meses, que tanto se aproxima á programación que ten o país, e o catálogo dos xéneros ábrese con certa xenerosidade, como

“ *A guerra é conseguir que a xente que apaga o seu ocio entre os bares e as beirarrúas cambie o espazo ficcional da vía pública polo espazo non menos ficcional do teatro*

“ *O teatro galego está a descubrir o que a cinematografía internacional ten asumido desde hai case unha década: por cada neno que vai ao teatro, cando menos, vai un adulto, e algo do que se exhiba ten que lles gustar tamén aos grandes.*

explicando que desde a perspectiva da oferta estamos sen novidade na fronte.

Na carteleira ofrécense, por exemplo, tres shakespeareas. Dous propios e un chegado, case como un prodixio de harmonización e normalidade de repaso constante da tradición que alguén definiu como universal pese a ser só occidental. A estas alturas da historia, Shakespeare é un xénero en si mesmo. Tamén é un argumento de peso para os espectadores. E non deixa de ser un paradoxo porque ten un nome demasiado difícil de pronunciar para os *mass media*. Un Macbeth e dous Romeu e Xulieta, quen pode pedir máis.

O outro síntoma ten que ver con esa progresiva atención que os cativos están conseguindo na oferta teatral galega. Outro paradoxo sería que o teatro do país madurase conforme o seu público é menos adulto. A oferta ten outro carácter singular. O teatro galego está a descubrir o que a cinematografía internacional ten asumido desde hai case unha década: por cada neno que vai ao teatro, cando menos, vai un adulto, e algo do que se exhiba ten que lles gustar tamén aos grandes. Neste sentido, o cambio de temporada si que pareceu afectar ao panorama galego. Os públicos familiares quizais non se sintan chamados pola oferta, pero as compañías, incluída a institucional, entenden que hai un territorio que explorar no que, como en tantas outras cousas, é máis fácil convencer os adultos cando van acompañados dos seus fillos.

Seguramente hai moitas formas de facelo, pero ningunha das formas de cazar o público parece suficientemente rápida, nin boa, nin con garantías de que dun día para outro o quinto elemento do teatro desapareza polo mesmo lado polo que veu: pola porta.



### DE MEU B. Studio

Dirección: Dolores Mayán / Elenco: Emilia Pardo, Natalia Iglesias, Vanesa Otero e Celia Mayer / Xénero: Danza contemporánea.

*De meu* xorde da necesidade de explorar e repasar os roles que a sociedade lle asigna á muller. Búscase reflexionar e ser consciente da situación a través dun crisol plástico composto de elementos narrativos e emocionais. É unha historia de camiños transitados por mulleres, de estereotipos, de pasos obrigados. De resistencia, de ilusións, de... necesidade de transformar a realidade. Catro bailarinas perden o seu nome, deixando de seren elas mesmas para converterse en todas.



### VIAXE POLA DANZA Colectivo Danzón

Autores: Colectivo de baile Danzón / Dirección: Xosé Candal González / Elenco: Xosé Candal González, Victoria Blanco Fernández, José Costa González, Loli Rico Martínez, Eva Blanco Suárez, Andrés Barros Nogueira, Javier Fajardo Diz / Xénero: Danza contemporánea.

Diferentes momentos cobran un novo sentido se os pasamos pola peneira do baile. As danzas rituais, o valse ou a polca como bailes de iniciación social, ou o feito de aloumiñar e adormantar un neno, ou conquistar a parella e facer amigos, tamén como vía de aprendizaxe... Non sempre temos que esperar ver unha parella bailando; pode haber outras posibilidades, homes con homes, mulleres, grupos, en fin, diversidade.



### CADANSEU CHAPEU Disque Danza

Autora: Olga Cameselle Estévez / Dirección: Olga Cameselle Estévez / Elenco: Olga Cameselle, Olivia Mate, Paula Cobián e Carmela Bueno / Xénero: Danza contemporánea.

O intento de moverse... realmente. O intento de ser... o que se é en esencia. Evolucionar xogando, proceso de autoenfrentamento. Danzando de truco en truco ata atopar o propio pulso. En definitiva, iniciar un camiño colectivo sen deixar de ser unha mesma.

**O CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO ESTÁ DE XIRA E SAE A ESCENA XERANDO NOVOS ESPAZOS DE ACTUACIÓN. A DIFUSIÓN DA SÚA OPERA PRIMA, VACUO, É TAN SÓ O APERITIVO DUNHA NOVA FORMA DE FACER PÚBLICO PARA A DANZA. A COORDINADORA DO CCG, NATALIA BALSEIRO, CÓNTANOS COMO É ESTA BUSCA DE OLLADAS CÓMPLICES. PRESTA ATENCIÓN PORQUE «A DANZA VOLVE POR NÓS»**

Lonxa da Coruña: 7:30 a.m. Entre o ir e vir de farturentas caixas de peixe que fan entrada no Muro á espera dese baile de euros e quilos que lles poña rumbo, o grupo de bailaríns que integra o Centro Coreográfico Galego (CCG) vai tomando posicións.

Destá vez non hai un escenario de táboas baixo os seus pés, nin un espazo de cómodas butacas que ocupar, nin o intimismo e a expresividade que os habituais xogos de iluminación lle adoitan dar á escena cando a función está en marcha. Destá vez pódese dicir que nin tan sequera a capacidade do lugar é limitada.

Malia todo, e por irónico que pareza, o escenario é o cerne desta singular montaxe. Nela cobra máis importancia ca nunca, precisamente porque non existe como tal, como espazo físico habilitado para acoller unha representación,

# FACENDO PARA A



senón pola súa ausencia, posto que se converte nun elemento absolutamente prescindible na obra.

O seu lugar ocúpalo os ecos e as miradas curiosas dos presentes neste improvisado auditorio que van arroupando, cómplices, o traballo dos bailaríns e conformando así o mellor espazo escénico co que acadar unha relación actor-espectador de total proximidade.

Os quince bailaríns que integran a nova unidade de danza do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), levan á escena a obra *Vacuo* e están de estrea.

Escollen a cidade da Coruña por ser esta a sede actual do recentemente creado Centro Coreográfico Galego e alí presentan por vez primeira esta performance de danza e música,

ante o ollar asombrado dos traballadores da lonxa e sobre os escenarios do teatro Rosalía de Castro.

O Centro Coreográfico Galego iniciou a súa andaina na segunda metade do pasado ano, e *Vacuo*, unha produción artística obra da coreógrafa ourensá Maruxa Salas, é a súa carta de presentación coa que inician este novo curso.

A montaxe é a principal mostra e mensaxe do espírito con que naceu esta unidade de danza, entendida como unha disciplina artística que precisa dunha maior proxección social e de novas oportunidades e formas de difusión.

Co lema “A danza volve por nós”, o obxectivo será acadar o desenvolvemento integral desta disciplina, ampliando a súa proxección na sociedade, polo que o punto de partida e meta

# PÚBLICO DANZA



## VERDE TRANSPARENTE

Druída Danza

Autora: Mercedes Suárez / Dirección: Mercedes Suárez  
Elenco: Silvana Couñago, Beatriz Garrido, Bárbara Monteagudo, Matilde Pedreira, Gema Pizarro, Pedro Caxade, Fernando Piñeiro, Miguel A. Ponte, Pastor R. Feal e Margarita Iglesias / Xénero: Danza contemporánea.

Galicia, historicamente vinculada ao fenómeno social da emigración, é agora destino de xentes na procura dunha vida mellor. *Verde transparente* é a cor do noso mar, que pon perante os nosos ollos un dos grandes paradoxos que a realidade máis actual ofrece. O mar, elemento portador de esperanza, a exaltación do coñecemento, a anguria da marcha, a tristura da despedida, a perda do amigo, a ausencia dos seres queridos, o silencio sonoro da soidade...



## DEBERÍAN LLOVER CRISTALES

Erre que Erre, compañía de danza

Autor: Erre que erre / Dirección: Erre que erre  
Elenco: Susana Castro, María Ángeles G. Angulo, Mario G. Sáez, Teresa Navarrete, Ricardo Salas / Xénero: Danza contemporánea.

Como escorpións no inverno, semellabamos aleargados, pero o mínimo foco de calor podía poñernos en marcha. Preparados para o ataque, fómonos volvendo vulnerables, cada vez máis sensibles e expostos a ser feridos, e cada vez máis agresivos e capacitados para ferir. Cando se discute, sempre queda algo por dicir, e ese silencio que se deixa suspendido no tempo fainos viaxar cara ao noso interior, cada vez un pouco máis sos. Deberíamos falar.



## ARTE A ESCENA

Experimenta Danza

Autora: Carlota Pérez / Dirección: Carlota Pérez  
Elenco: Blanca Blanco, David Edeira e Susana Moreno  
Xénero: Danza contemporánea.

Un espazo baleiro, branco. Tres personaxes mirando as obras de arte entran nelas e vólvense cores, liñas, puntos, paisaxes, microorganismos, transportan cubos de cores, intèrnense no mundo da velocidade e imaxinan un universo á súa medida.





## EN LA CUENCA DE TUS OJOS

Inquedanza

Autores: Armando Martén, Beatriz Pérez, Kirenia Martínez e Alexis Fernández / Dirección: Armando Martén / Elenco: Armando Martén, Ana Beatriz Pérez, Kirenia Martínez e Alexis Fernández / Xénero: Danza contemporánea.

Todos os pecados do amor sen detalles, detalles sen amor, arrepentirse de falar, de quedar sen tempo, de gardarse dun mesmo, de dar as costas demasiadas veces.

Teño o son do seu corpo nos oídos. Qué fermoso o sangue tirando cara á confianza, achegándose aromático, pesado e quedo como mazás nunha cunca.



## INSULTOS PRIVADOS

Javier Martín

Autor: Javier Fernández Martín / Elenco: Javier Martín / Xénero: Danza contemporánea

...todo movemento é de carne... Pupilas vidrosas por cousas feitas por un tal tifón. ¡Medusa, puta! Todo grazas a ti e todo debido a ti... Pon os pelos de punta... Di: saberás por min iso que buscas. Gota a gota, atopo a asfixia para un exquisito orgasmo (como un don Xoán en fuxida)... Creo en ti... O seu espello... Vivo e vulnerable; co sangue virxe que queda sintetiza o seu cristal, necesítalo pero ¿por que llo dou? Un espello que se enfrenta a outro espello... Escintileos sónicos. Un vampiro que loita con outro vampiro... Gústanse... Humidades con olor metálico... ¿Como poden ocorrer estas cousas? Días de sondas espaciais, lumes e accidentes: é “o don das tebras” (unha chave); algo que quere ser polo de agora ata atopar unha morte de novo interesante... Meses durmiñando, paralizado, zombi... Ninguén se deu conta... ¡Ai! (as cousas non pasan porque si no horario dos sentidos relixiosos).



## NIÑA FRIDA

Karlik Danza-Teatro

Autora: Rosa Díaz e Cristina Silveira / Dirección: Rosa Díaz e Cristina Silveira / Elenco: Elena Lucas, Cristina Pérez, Beatriz Márquez, Elena Sánchez, Marina Rubio / Xénero: Danza contemporánea infantil.

Frida Khalo lembra, fronte ao seu lenzo en branco, aqueles momentos que marcaron a súa vida. Recorda as súas amigas que non tivo, o terrible accidente aos dezaioito anos. Pero de todo isto ela queda con inmensas ganas de vivir, o continuo desexo de avanzar e de superarse día a día, deixando que a dor escape polos dedos da súa man para transformala en beleza. “Pies para qué os quiero, si tengo alas para volar”.



## VACUO IRROMPE EN ESPAZOS E ACTIVIDADES COTIÁS PARA FACER VER QUE «A DANZA E AS ARTES ESCÉNICAS EN XERAL NON PERTENCEN A UNHA CULTURA DE ELITE, SENÓN QUE SON DE TODOS»

é implicar na danza os diversos colectivos sociais, a xente da rúa, naqueles lugares máis sobranceiros das cidades galegas que, pola súa vez, serven como escenario.

A coordinadora do CCG, Natalia Balseiro, explica así: “Con montaxes coma *Vacuo* buscamos demostrar que estamos aquí, onda a xente de a pé, e que queremos facer isto para a xente de aquí e non só para unha elite que veña vernos aos teatros”.

A Coruña, Santiago, Vigo. En praias, parques, xunto a esculturas. Na lonxa, na estación do tren ou na fábrica de Citroën. Son escenarios improvisados onde poñer en práctica unha parte dese material coreográfico co que logo se profundará sobre os escenarios.

“O que buscamos non é algo mediático. Cada un deses puntos xeográficos non está elixido ao azar”, aclara Balseiro. “Nós queremos levar a danza a onde realmente está a xente, e por iso queremos estar nos lugares máis representativos de cada cidade e naqueles que son o motor económico de Galicia. Por iso, –prosegue–, escollemos a lonxa da Coruña, en representación da importancia do sector pesqueiro para o país, ou a estación de tren en Santiago, en alusión a tantos viaxeiros que chegan á cidade cada día e ás persoas que usan este medio de transporte para se desprazaren”, explica.

E coma se dunha función sen cartel se tratase, *Vacuo* irrompe en espazos e actividades cotiás para facer ver que “a danza e as artes escénicas en xeral non pertencen a unha cultura de elite, senón que son de todos”.

“A xente responde moi ben”, afirma a coordinadora do CCG, que lembra como foi a estrea da peza inaugural do grupo. “A representación na lonxa foi xenial porque tivemos moito respecto polo traballo que alí se estaba a facer, xa que esperamos a que rematasen de poxar para comezar”. Entón, conta, “o público empezou a ateigarse ao redor porque, de súpeto, lles estás a romper a rutina e lles ofreces algo novo, esteticamente bonito, e bailas para eles. É coma unha deferencia que saben agradecer”, argumenta Balseiro.

O fundamento é claro: facer pedagogía da danza e promover unha arte que quizais non está valorada polo público en todas as súas dimensións. ¿Que falla entón? ¿Por que cómpre este esforzo extra de achegamento ao espectador ou a necesidade de indagar en novas fórmulas de captación de público?

“En xeral, hai un problema de públicos no que respecta ás artes escénicas”, apunta a coordinadora do CCG. “Non somos un país onde haxa un hábito de consumo cultural estendido porque o cinema e os centros comerciais gañan terreo á hora de ocupar o noso tempo







de ocio. Por iso hai que conseguir situar disciplinas como a danza, neste caso, como unha opción máis para o noso tempo libre”, argumenta.

“Falamos dun oficio que se fai artesanalmente, que, aínda que non nos guste, funciona como un produto que hai que saber vender e crear un interese por el a través das mellores estratexias de publicidade e comunicación”, engade.

E, precisamente, con esta dobre intención de presentar o novo CCG facendo partícipe a xente da rúa da que é a súa primeira creación, concíbese *Vacuo*.

“Hai xente que nunca foi ao teatro, nin a ver un espectáculo de danza, e se conseguís achegala a esa arte, de súpeto pode descubrir que lle interesa, que lle provoca determinadas sensacións”, suxire Balseiro; e continúa, “trátase de darlles as claves para que aprendan e saiban valorar e interpretar o que ocorre no escenario”, en alusión á vertente pedagóxica que pretende desenvolver a unidade que coordina.

Destaca, tamén, os beneficios que supoñen para os bailaríns traballar tan preto do espectador, da man da improvisación en moitos casos.

“Interpretar unha obra dun modo tan directo co público resulta unha experiencia moi positiva para os propios bailaríns, porque lles exige un nivel de flexibilidade física e mental moi amplo

á hora de se adaptaren ás circunstancias dese improvisado escenario no que desenvolver a coreografía, respectando sempre as persoas que están ao seu redor, observando”, comenta.

Segundo lembra, *Vacuo* naceu así. Ao son dunha música composta por Berrogueto, esta obra de creación aberta e participativa está construída sobre unha metáfora que relaciona os bosques coas almas humanas, comparando a degradación da natureza co esquecemento de determinados valores. Fronte a esta deterioración, suxire un espazo vacuo, baleiro, de rexeneración, que aposta por vivir á marxe de medos e prexuízos, a prol do entendemento e a concienciación.

E cobrou forma, di Natalia Balseiro, a través de varios días de ensaios abertos. “Acudiron profesionais e persoas simplemente interesadas en coñecer o proxecto. Iso dá as claves para entender e ver logo o espectáculo. Se ves unha montaxe dende o seu comezo, coñecendo a súa evolución e o modo en que vai crecendo, tes outros puntos de vista con que mirar logo o espectáculo”, asegura.

O Centro Coreográfico Galego bota a andar da man do espectador, facendo público para a danza. O obxectivo, segundo Balseiro, está marcado: “con cada presentación queremos que a xente se pregunte que pasa, quen somos, que estamos facendo”. Isto é danza.

**«FALAMOS DUN OFICIO QUE SE FAI ARTESANALMENTE, QUE, AÍNDA QUE NON NOS GUSTE, FUNCIONA COMO UN PRODUTO QUE HAI QUE SABER VENDER E CREAR UN INTERESE POR EL A TRAVÉS DAS MELLORES ESTRATEXIAS DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN»**



### ENGADO, ILUSIONISTAS DE A PÉ

Nova Galega de Danza

Autor: Nova Galega de Danza / Dirección: Jaime P. Díaz e Vicente Colomer / Elenco: Jaime P. Díaz, Vicente Colomer, Alba Felpele, Lilianne Frías e Enma Cabañas (bailaríns) / Pedro Lamas, Ricardo Rozas, Miguel Queixas, José Belmonte, Miguel Castro, Xosé Lois Romero, Suso Iglesias e Xabier Díaz (músicos)  
Xénero: Danza contemporánea.

Un espectáculo de danza e música que engaiola, en cada nota, en cada aceno... Buscando nas raíces da música galega, conscientes de que todos somos fillos da terra e do vento que, vindo do mar, vén de todos os mares. Neste baile tiramos por tí para que soñes e te atrevas, para loitar por aquilo que sentes... e sentir aquilo que arelas. E así, inspirados, ser o engado para chegar a inspirarte.

+info en: [www.novagaledanza.com](http://www.novagaledanza.com)



### NO INTRE 1800

Pisando Ovos

Dirección: David Loira e Ruth Balbís / Elenco: David Loira, Ruth Balbís / Xénero: Danza contemporánea.

Inchaurras, volcán, acróbatas en Xapón, despedida, moito amor, estou mal ¿dormes comigo? Tí o 24 eu o 25, sen costuras, un ferro de pasar ben grande, ¿“unhas freguiñas”? non veñas, o día da froita, aínda que sexa sen pernas, sen esforzo, na procura de landras, os avós... Esta peza é creada grazas a aqueles pequenos instantes que lle dan corda á nosa vida, pero tamén á busca en si. Á espera, á compañía e á suma de dous instantes. O noso instante. BOOM!!



### HEBRAS DE MUJER

10 & 10 Danza

Dirección: Mónica Runde / Elenco: Marcela Aguilar, Joaquín Hidalgo, Dacil González, Javier Machín, Gustavo Martín, Naiara Rojo e Mónica Runde / Xénero: Danza contemporánea.

¿Violencia de xénero ou educación? Unha reivindicación da figura da muller, dunha forma íntima, persoal, sensible ante todo o que doe ou padece. Tres momentos que falan alomenos de tres tipos de muller coa falta de liberdade como constante vital. A muller dos anos 30, sen dereito a voto. A muller dos 60 que irrompe no mundo laboral pero a súa historia segue vencellada ao mundo masculino. E as mulleres de hoxe, liberais e conservadoras, que conforman dous tipos de “familia” ben diferenciadas.



### ENTROIDO MÁXICO

Chrystyan Magic

Autor: Chrystyan Magic / Dirección: Chrystyan Magic  
Elenco: Chrystyan Magic, Sonya Lago e Chispi  
Xénero: Maxia.

Cunha primeira parte baseada na maxia e ilusionismo, o público participa nos xogos de prestidixitación e viaxa nun conto máxico ao castelo da princesa para rescatala do dragón malvado. De volta á realidade, na segunda parte, os máis cativos son os protagonistas, xunto ao pallaso Ray e a súa escola de danza.

+info en: [www.chrystyan-magic.com](http://www.chrystyan-magic.com)



### A NOSA MAXIA

Cyrille Sinclair

Autor: Cyrille Sinclair / Dirección: Cyrille Sinclair  
Elenco: Cyrille Sinclair / Xénero: Maxia.

Singular percorrido pola maxia do século XX para homenaxear as grandes lendas da maxia. Slydini e Fred Kaps soben a escena nas mans do nacionalmente galardoado Cyrille Sinclair; a participación dos espectadores completarán este triángulo máxico.

+info en: [www.magiaalacarta.com](http://www.magiaalacarta.com)



### DIVERTILANDIA

Cyrille Sinclair

Autor: Cyrille Sinclair-Carlos Palacios / Dirección: Cyrille Sinclair / Elenco: Cyrille Sinclair / Xénero: Maxia.

Ventriloquia e animais que aparecen da nada e mesmo cantan, ou obxectos que desaparecen e volven aparecer sen explicación de modo trepidante. É cousa do mago Carlos Palacios e Cyrille Sinclair

+info en: [www.magiaalacarta.com](http://www.magiaalacarta.com)



### MAXIA PARA SOÑAR

Mago Cali

Autor: Mago Cali / Elenco: Mago Cali / Xénero: Maxia.

Un espectáculo dinámico, increíble e totalmente interactivo para soñar espertos. Combínase a maxia de salón, a manipulación, o mentalismo e as artes afíns (malabares).

# PO LA ARTE DA MAXIA

ACÁBANSE DE CONSTITUÍR  
COMO ASOCIACIÓN. OS MAGOS  
PROFESIONAIS DE GALICIA TRABA-  
BALLAN DENDE O PASADO ANO  
MÁIS UNIDOS CA NUNCA A PROL  
DA RECUPERACIÓN E DIFUSIÓN  
DO QUE CONSIDERAN UNHA  
ARTE, A SÚA ARTE: A MAXIA.  
TRÁENSE ENTRE MANS ALGO  
MÁIS CA XENIAIS XOGOS; PARA  
ABRIR BOCA, UN CARTEL DE FES-  
TIVAI S E CIRCUÍ TOS POR TODO  
O PAÍS COS QUE PRETENDEN  
CREAR AFECCIÓN E CAUSAR  
MOITO ASOMBRO.

O MAGO ANTÓN, VOCEIRO  
DA ASOCIACIÓN DE MAGOS  
PROFESIONAIS DE GALICIA,  
FÁLANOS DOS PROXECTOS  
MÁIS INMEDIATOS DO  
COLECTIVO.





Cando J. K. Rowling prepara a última entrega das mundialmente famosas aventuras de Harry Potter e saltan á televisión e ás pantallas de cinema programas e títulos de filmes que nos achegan ao mundo dos magos dun xeito máis didáctico ou froito da ficción e da fantasía, os magos galegos non permanecen alleos a este tirón mediático. O mundo da maxia está de moda.

A recentemente bautizada como Asociación de Magos Profesionais de Galicia (MPG) acolle algo máis de vinte artistas que na actualidade

se dedican a este oficio en todo o país. Dende a súa sede en Santiago de Compostela proxectan levar adiante por toda Galicia un ambicioso programa de difusión da maxia.

Defensores da consideración da maxia como unha arte escénica diferenciada, avogan por que se lle outorgue o mesmo recoñecemento que ao teatro ou á danza.

Capitaneando esta iniciativa, e fiel á idea de que na versatilidade desta arte e no seu innovar continuo está a súa maior riqueza, o Mago Antón, un dos ilusionistas máis representati-

**«A ASOCIACIÓN DE  
MAGOS TEN PROXECTA-  
DO UN AMPLO PROGRAMA  
DE DIFUSIÓN DA  
MAXIA POR VILAS E  
CIDADES GALEGAS»**

vos de Galicia, móstrase convencido de que este oficio só precisa dun empurrón que lle dea o status artístico que merece, pois durante anos semella que permaneceu aletargado.

“O que actualmente se está a facer na maxia en Galicia é resultado do que se fixo durante anos pero de forma calada, sen o apoio loxístico e mediático suficiente que lle dera sona. Por iso, –subliña–, pensamos que este era o momento axeitado para poñer en práctica un proxecto baseado nunha serie de obxectivos orientados ao relanzamento desta arte escénica”.



### COUSA DE MAXIA

Dani García

Autor: Dani García / Dirección: Dani García  
Elenco: Dani García / Xénero: Maxia.

Espectáculo de ilusionismo onde todo é posible. O lume aparece e desaparece, os obxectos móvense, créase unha nova vida e as ilusións non deixan de medrar. ¡Todo é posible coa maxia!



### ASOMBROSAMENTE INCRIBLE

Luis Boyano

Autor: Luis Boyano / Dirección: Luis Ángel Vázquez López  
Elenco: Luis Boyano (mago, mimo e actor) e Florencia Cidre (actriz) / Xénero: Maxia.

Espectáculo didáctico que recupera un xogo do século XIX: “A cabina dos espíritos”, que achega os rapaces ao mundo do mentalismo e aos efectos de adiviñación, premonición ou telepatía. Deixarán o espectador, que participará activamente, coa dúbida de se o que ven é a través do poder da mente.



### ARCOS DA VELLA

Mago Kiko

Autor: Mago Kiko / Dirección: Mago Kiko  
Elenco: Mago Kiko / Xénero: Maxia.

Maxia de escena, formato fresco de gran ritmo e poesía. A esencia da linguaxe máxica contida en pequenas gotas musicais, outras de comunicación e participación. Surrealismo, estilo único e máxico, efectos orixinais que pode ver todo un teatro.

+info en: [www.magokiko.com](http://www.magokiko.com)



### A MAXIA DE BENXAMÍN

Mago Benjamín

Autor: Benjamín Fernández Penedo  
Dirección: Benjamín Fernández Penedo  
Elenco: Benjamín Fernández Penedo  
Xénero: Maxia.

Forman parte do espectáculo en que o público interactúa; as aparicións e desaparicións; as pombas; os panos; os bastóns e, tamén, os escapismos; as grandes ilusións, e o humor. Como final, un zig-zag, que sempre resulta do máis espectacular.

## POLA ARTE DA MAXIA

«A MAXIA TEN A CAPACIDADE DE ABRAIARNOS, DE ROMPER TODOS OS ESQUEMAS DA LÓXICA FACENDO QUE O ESPECTADOR ADULTO VOVA SER NENO»

O precedente está nas programacións de maxia que ata agora se viñan organizando a través da Xunta de Galicia, deputacións provinciais e concellos. Como mellor exemplo desta aposta está a Semana Internacional de Maxia “Lugo Máxico”, que –patrocinada pola Concellería de Cultura do Concello de Lugo– xa vai pola cuarta edición; e o recente e histórico I Circuíto Galego da Maxia, organizado pola Concellería de Cultura e Deporte (a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural) en colaboración cos concellos participantes.

Dende este punto de partida, a asociación de magos ten as miras postas en acadar unha maior cobertura e apoio económico para expandir por toda Galicia as súas actividades e eventos de maneira que estes adquiren cada vez maior entidade, como é o caso da próxima Semana Internacional de maxia, patrocinada pola Concellería de Cultura do Concello de Santiago, que terá lugar entre os días 15 e 21 na capital de Galicia.

“A maxia é unha arte escénica coa que se poden contar historias e que toca numerosas disciplinas. Pode emocionar, divertir e sorprender empregando calquera rexistro”, comenta o Mago Antón. Cando isto é así “os resultados son espectaculares, pero, se non hai apoios loxísticos, esa interrelación é moi difícil de levar adiante”, asegura.

As pretensións da asociación pasan, pois, por acadar un espazo económico para a maxia, axudas á produción para os profesionais desta arte. A máis longo prazo, aspira a crear unha escola profesional para introducir na materia a novos alumnos e perfeccionar a formación dos que xa son magos.

“Temos que apostar pola proxección social da maxia, por crear tecidos de afeccionados cada vez máis amplos para que o público saiba que existen profesionais dun altísimo nivel, comparable ao de moitas das figuras internacionais máis recoñecidas polo gran público”, di o ilusionista, que rompe tópicos a este respecto: “A maxia non é para un mesmo. Hai quen pensa que neste oficio hai moito secretismo e que os magos non queremos que ninguén aprenda. Todo o contrario, -asevera- como profesionais, temos que crear unha cultura da maxia para que a xente se achegue a ela”.

Nese intento por facer medrar a maxia en todas as súas dimensións, o público cobra un papel moi importante e é precisamente a versatilidade desta arte a súa mellor arma para espertar admiración por ela. Pero ¿que move ao público que asiste a un espectáculo de maxia, tratar de descubrir os trucos que están detrás dos xogos ou poñer a proba a propia capacidade de crear soños e ilusións?

“A maxia é quen de abraiarnos, de romper todos os esquemas da lóxica facendo que o espectador adulto volva ser neno”, di o Mago Antón, convencido da necesidade de aproveitar ese poder de atracción desta arte escénica.

“Nós, como magos, temos que conseguir crear determinadas sensacións no espectador, lograr que conecte e deixe voar a súa imaxinación. Somos creadores de ilusións”.

Aínda que a arte do ilusionismo viviu a súa época dourada no século XIX e principios do XX, dende entón os magos non pararon de innovar as súas diferentes especialidades. O abano dispoñible vai desde espectaculares montaxes de grandes ilusións, protagonizados por figuras como David Copperfield, ata a maxia de preto –que ten o grande atractivo de crear unha relación de proximidade entre o artista e o espectador–, pasando por outras modalidades como son a maxia xeral, o mentalismo, o escapismo ou a manipulación.

Segundo sinala o Mago Antón “Na nosa asociación integramos a magos que practican algunhas ou todas estas disciplinas. Co noso traballo pretendemos acadar colectivamente un alto nivel profesional e ofrecer espectáculos de elevada calidade artística que respondan ás demandas dun público cada vez máis esixente e entendido. Cos proxectos que se están poñendo a andar –afirma– creo que imos no bo camiño”.

«ESE ESPAZO DE PROXIMIDADE ENTRE O MAGO E O ESPECTADOR É O PRINCIPAL ATRACTIVO DESTA ESPECIALIDADE QUE CONTA CON TANTOS SEGUIDORES»



#### PRODUTO DA TÚA IMAXINACIÓN

Mago Marttyn

Autor: Martin Andersen / Dirección: Martin Andersen  
Elenco: Martin Andersen / Xénero: Maxia.

Non é posible debuxar algo e logo facelo real, conseguir que unha persoa desapareza ou lograr que algo tan grande e inanimado como unha mesa se eleve. Simplemente non se pode ou... ¿tal vez si?

+info en: [www.magomarttyn.com](http://www.magomarttyn.com)



#### BENVIDOS, ISTO É MAXIA

Mago Richard

Autor: José Ricardo Paredes Pampín  
Dirección: José Ricardo Paredes Pampín / Elenco: José Ricardo Paredes Pampín / Xénero: Maxia.

Ilusionismo dirixido a todos os públicos cunha parte dedicada ao público infantil que percorre as diversas facetas desta modalidade de maxia para facer un espectáculo creativo e variado.

+info en: [www.magorichard.com](http://www.magorichard.com)



#### A MAXIA DO SILENCIO

Mimo - Mago Anyo

Autor: José Ángel Casanova Orozco / Dirección: José Ángel Casanova Orozco / Elenco: Mimo Anyo e partenaire / Xénero: Maxia.

A mimo-maxia de Anyo mesturan neste espectáculo o ilusionismo, a música e o mimo, a través dunha sucesión de efectos técnicos de maxia eminentemente visuais, onde a palabra se volve innecesaria e a improvisación corre a cargo do público.

+info en: [www.anyo.net](http://www.anyo.net)



#### PERTO DE TI

O Mago Teto

Autor: Héctor Guerra / Dirección: Abracadabra Produccións, C.B. / Elenco: Mago Teto / Xénero: Maxia.

Pequenos obxectos que fan posibles grandes milagres: cartas que cobran vida nas mans do mago, moedas que danzan entre os dedos, navallas que cambian de cor cunha mirada... son algunhas das cousas que poden presenciar nesta hora de "maxia de cerca" en estado puro.

+info: [www.magoteto.com](http://www.magoteto.com)



### CONCERTO DE CORDA

Cuarteto de corda da orquestra  
Solistas de Galicia

Dirección: Mijail Moriatov / Músicos: Mijail Moriatov (violín), Anca Smeu (violín), Timur Sadikov (viola). Valeri Moriatov (violoncello) / Xénero: Música de cámara.

Creado en 1999, a idea deste cuarteto é chegar cos seus concertos de música clásica aos lugares onde non poida acudir a orquestra Solistas de Galicia, cun repertorio que recolle obras dos máis importantes autores da historia da música.

+info en: [www.mijailmoriatov.4mg.com](http://www.mijailmoriatov.4mg.com)



### O XUÍZO DA ADÚLTERA FILIPA Decamerón e Cía

Autor: Relatos varios / Músicos: Charo Pita (canto e conto), María Giménez (canto e percusión), Xurxo Varela (canto e viola de gamba) e Valentín Novio (viola antiga) / Xénero: Música de cámara.

Espectáculo músico-teatral en que se conxuran dous momentos, dous países, dúas músicas, dúas coleccións de contos. Por unha banda, historias do Decamerón de Boccaccio sen outra escena que a harmonía do Trecento italiano. Pola outra, relatos escollidos do Conde Lucanor xurdindo dende unha paisaxe pintada pola voz, a viola antiga e a viola de gamba.



### RECITAL LÍRICO

Dúo Antón de Santiago-Alexis Díez

Autor: Varios / Músicos: Antón de Santiago (barítono), Alexis Díez (piano) / Xénero: Música de cámara.

Repertorio musical de zarzuela e ópera, incluída cantiga lírica galega. Antón de Santiago é responsable da Cátedra de Canto do Conservatorio Superior da Coruña, gañador do concurso de Canto Internacional de Logroño (1984). Alexis Díez é profesor da Escola Municipal de Música da Coruña.



### CONCERTO LOS MAESTROS ESPAÑOLES

Dúo Instrumental Dirección

Músicos: Alfredo Gómez (clarinete) e Liudmila Shevyakova (piano) / Xénero: Música de cámara.

Manuel de Falla, Joaquín Turina, Isaac Albéniz, Enrique Granados ou Gaspar Cassado, mestres que deixaron a súa pegada na historia da música mundial. As súas obras preséntanse neste concerto en versións para clarinete e piano.



### ...ESTOU DE VOS MOITO MARABILLADO... MÚSICAS PARA A HISTORIA DE GALICIA...

Grupo de Música Antiga 1500

Autor: Andrés Díaz / Músicos: María Giménez (canto e percusión), Belén Bermejo (canto e arpa), Xurxo Lois Varela (viola de gamba, baixo, frautas), José Ignacio Castro (sacabuche e frautas), Víctor Blanco (guitarras renacentista e barroca, percusión) e Andrés Díaz (frautas, viola antiga, chirimía, guitarra renacentista e arpa) / Xénero: Música de cámara.

A convulsa historia da Galicia tardomedieval e de comezos do Renacemento: festas relixiosas e profanas, a nobreza, as guerras e adaptacións do "corpus lírico" galego-castelán da decadencia son o fío condutor dun espectáculo en que o espectador se achega á historia e música da época interpretada con instrumentos orixinais.



### QUE EU SEI MUIT'AMAR

Grupo de Música Antiga Martín Códax

Músicos: Fernando Olbés (tenor), Paula Corujo (soprano), Roberto Sala (chirimía, frautas e percusión), Roberto Santamaría (fídulas), Carlos Castro (percusións e dulcema), Ana Sánchez (soprano), Miguel A. López (fídulas, arpas e organistrum), Francisco J. González (badosa, cítara), Philippe Copin (zanfona) e Andrés Díaz (frautas, chirimía e laúde) / Xénero: Música de cámara.

O programa xira en torno ao repertorio cortés románico e boa parte do latino medieval que se difundía oralmente e era composto para ser cantado. Un percorrido pola poesía amorosa galego-portuguesa, tomando como centro as sete cantigas do rei Dom Dinís, xunto con cantigas de Martín Códax, Johan Airas, Roi Fernández de Santiago, Airas Nunes e Afonso Eanes do Cotón.



### MARIMBA CLÁSICA

Omar Percussion Group

Autor: Omar Percussion Group / Dirección: Jorge César Pérez / Músicos: Jorge César Pérez (marimba), Pablo Cabanelas Peón (marimba), Cristian Rodríguez (marimba) / Xénero: Música de cámara.

Espectáculo baseado na exploración e creación musical sen límites, que interpreta mesmo a música dos grandes compositores para percusión.



### XOGOS TONAIIS

Ludus Tonalis

Dirección: Rupert Twine / Músicos: Grupo coral de cámara de doce voces / Xénero: Música de cámara.

A primeira parte do programa recolle obras de autores clásicos europeos: Bach, Mendelssohn ou Mozart. Na segunda parte interprétase música lixeira: folclore internacional, arranxos de música pop, jazz, espirituais negros...



### CONCERTO DE VENTO METAL

Quinteto de vento metal Santa Cecilia

Autor: Miguel Brotóns / Dirección: Miguel Brotóns / Músicos: Dúas trompetas, trompa, trombón e tuba / Xénero: Música de cámara.

O quinteto interpreta pezas de diversos autores de música dende a época barroca ata temas do século XX. É un dos grupos máis antigos de Galicia.



### CONCERTO DE MÚSICA

Quinteto de vento Pentafonía

Autores: VV. AA. / Músicos: David Martínez Lombardía (fruta), J. Manuel Abad Rosales (óboe), Martín Baleirón Friero (clarinete), Samuel Péres Llobell (trompa), J. Alejandro Varcácel Moura (fagot), Juan Manuel Varela (piano) / Xénero: Música de cámara.

Repertorio que abarca todos os estilos dende o Renacemento ata a música de hoxe.



### ARIAS DE ÓPERA, LIEDER E MUSICAL AMERICANO

Susana de Lorenzo

Dirección: Susana de Lorenzo / Músicos: Susana de Lorenzo (soprano), pianista acompañante / Xénero: Música de cámara.

Concerto de música lírica que abrangue dende a ópera ata o musical, pasando polo lied xermánico, a chanson francesa e o bel canto italiano, para finalizar cos temas máis populares do Broadway do século XX.



### ÁSTOR PIAZZOLLA: LA VIDA POR EL TANGO

Trío Musical Intermezzo

Dirección: Liudmila Shevyakova / Músicos: Liudmila Shevyakova (piano), Alfredo Gómez (clarinete) e Yana Yachtchouk (violín) / Xénero: Música de cámara.

Tomando elementos de distintas vertentes musicais (clásica, tango e jazz), Ástor Piazzolla (1921-1992) creou o seu propio estilo, único e inconfundible, capaz de lograr tanto a admiración como o odio, pero nunca indiferenza. Este concerto presenta as súas obras máis acabadas, en versións para grupo de música de cámara.

+info en: [www.art-monium.net](http://www.art-monium.net)



### A VOLTA AO MUNDO EN 747... COMPASES Vocalise

Dirección: Rupert Twine / Músicos: Rupert Twine (tenor), Estíbaliz Espinosa (soprano), Blanca Padín (contralto), Vital Augusto (baixo), Julia Ce Soprano / Xénero: Música de cámara.

Cuarteto vocal, formado por unha soprano, unha contralto, un tenor e un baixo. Emprega un equipo de amplificación e efectos que os dota das prestacións dun conxunto vocal dunhas doce voces, pero cun resultado moito máis brillante e cheo de matices.

## Evolución artística e proxección

Pedro F. Roque

Calquera nova iniciativa que, de forma implícita ou ben sexa explicitamente, sirva de apoio aos intérpretes e profesionais da música nun país determinado é sempre recibida cunha boa dose de esperanza en canto ás oportunidades se refire. Se cabe, a esperanza e a alegría son aínda maiores se parte dunha institución pública tan implicada e en certa forma comprometida coa actividade musical dun pobo, xa que é una proba inequívoca da preocupación que mostra pola causa en base á cal está fundada e pola que debe continuar traballando sen deixar no esquecemento que cada ano debe achegar aspectos novos e distintos que optimicen o xa realizado anteriormente. Éste sería un bo fundamento para camiñar adiante; é dicir, para progresar. O músico basea o seu desenvolvemento, o seu progreso, en dous aspectos ben diferenciados; por unha parte o perfeccionamento da súa técnica e dos seus coñecementos musicais e artísticos que lle permitan adquirir unha intelixente musicalidade para facer do seu discurso un pensamento, e por outra o desenvolvemento da súa capacidade de comunicación e transmisión da súa arte ante a diversidade das audiencias que nos distintos escenarios e ao longo da súa carreira ou traxectoria un artista se pode atopar. Para o primeiro as institucións, o noso ámbito e o medio en que nos desenvolvemos bríndanos os seus sistemas educativos cos que podemos estar ou non de acordo e nalgún momento das nosas vidas tomar a decisión, sempre adecuada, de vivir o bohemio éxodo cultural que me permito aconsellar a todo aquel que optase pola arte como opción de vida. Para o segundo o artista necesita escenarios e público que lle exixan que os seus discursos sexan cultos, en toda a súa extensión, interesantes e emotivos. En música a interpretación mellora e o discurso afiánzase a medida que se realiza en distintas ocasións e ofrécese a públicos distintos en diferentes escenarios, acadando o seu punto álxido e culminante cando o intérprete se presenta nunha sala á que non todos están en condicións de acceder.

Resulta de grande interese a realización de ciclos musicais que permitan ao público, como receptor, gozar do contacto directo con intérpretes e a súa produción musical; e ao intérprete desenvolver o seu talento e capacidade comunicativa. No ciclo que se presenta os distintos auditorios terán a ocasión de asistir a unha oferta musical ampla e variada que abarca desde música renacentista ata tendencias do xa pasado e musicalmente controvertido século XX. Resúltame especialmente grata a presenza dos dous extremos; a chamada música antiga a cargo das formacións Grupo de Música Antiga Martín Codax e Grupo de Música Antiga 1500, que coa súa xa consolidada experiencia e contrastada calidade transportarán o público mediante a súa diversidade e combinación tímbrica a un tempo e atmosfera pouco frecuente para o oínte e que os centros educativos musicais galegos (conservatorios) practicamente descoñecen, por non dicir ignoran. A especialización na interpretación da música preclásica é, aínda hoxe, unha lagoa da nosa oferta educativa musical que teríamos que solucionar o antes posible, ademais de ser unha vía profesional á que moitos músicos poderían optar e que en Galicia aínda está por estruturar. Ante esta carencia seguro que os membros destas agrupacións tiveron que buscar a súa formación artística máis alá das nosas fronteiras, o cal, de novo, eloxio. No outro extremo do tempo poderemos gozar do estilo popular do Trío Musical Intermezzo, que nos ofrece un paseo pola traxectoria musical do xenio arxentino Astor Piazzolla, artista e compositor innovador que levou o tango posiblemente ata os seus límites esteticamente falando, promete unha mostra da súa particular concepción e desenvolvemento deste “xénero” na súa instrumentación. Expectante é a presenza do Omar Percusión Group, que ofrecerá o resultado das súas exploracións sonoras con tres marimbas tanto en producións de seu como no repertorio máis clásico levado a esta formación coas súas correspondentes e sempre interesantes consecuencias tímbricas e interpretativas.

“*En música a interpretación mellora e o discurso afiánzase a medida que se realiza en distintas ocasións e ofrécese a públicos distintos en diferentes escenarios, acadando o seu punto álxido e culminante cando o intérprete se presenta nunha sala á que non todos están en condicións de acceder.*

A presenza dunha das agrupacións camerísticas máis antigas existentes en Galicia proporcionalle a esta serie de concertos unha importancia aínda maior; o quinteto de vento metal Santa Cecilia nunca defrauda e fará, unha vez máis, gala da súa maxistral interpretación, conxunción e balance sonoro no repertorio que afronta e que, nalgún momento do concerto, sempre nos sorprende. Como o fará o espectáculo presentado polo grupo Decameron e Cía co relato O xuízo da adúltera Filipa, no que a combinación narrativa e musical, con instrumentos de época, augura unha amena representación.

Ao longo deste ciclo as agrupacións Solistas de Galicia, Dúo Instrumental Dirección, Ludus Tonaes, Quinteto de Vento Pentafoñía, Susana de Lorenzo e Vocalise completarán un percorrido polas distintas tendencias musicais da historia, cun repertorio tanto vocal como instrumental que non podía faltar, sen esquecermos de Antón de Santiago, quen seguramente, e despois da súa intensa dedicación á lírica galega, nos obsequiará coas súas máis emotivas interpretacións neste xénero.

Para rematar, tal e como comezaba, permíteme a licenza, e non desexo resultar inoportuno, de recordar o concepto de progreso que, en canto á música e aos músicos se refire, podemos e debemos aplicar neste tipo de eventos sempre que teñan continuidade; e que estas músicas, estes concertos e, en definitiva, estes artistas son, todos eles, dignos merecedores de acceder a un espazo en que eles mesmos e o público dean por culminado o seu traballo, a súa obra musical, o seu discurso. O seu pensamento. Daquela, teremos progresado.

# EN BREVE



## TEATRO ENSALLE PARTICIPA NO INDIFESTIVAL DE SANTANDER

O grupo Teatro Ensalle de Vigo, co espectáculo *Perdícheste o mar*, foi a única representación galega na segunda edición do Indifestival, o Festival de Teatro Independiente de Santander, que organiza a compañía Escena Miriñaque. O festival, no que participaron seis compañías españolas e unha argentina, abrangue propostas que van desde a danza-teatro ata o drama e a comedia, pasando polo teatro do absurdo e o audiovisual.

## MATARILE E PISANDO OVOS NO ESCENA CONTEMPORÁNEA DE MADRID

As compañías galegas Matarile Teatro e Pisando Ovos amosaron as súas novas propostas escénicas no Festival Escena Contemporánea, que se desenvolve en 16 salas alternativas de Madrid, coa participación de 35 espectáculos. Matarile escolleu este festival para a estrea da súa última produción *Truenos&misterios*, en tanto que o grupo de danza Pisando Ovos levou diante do público da capital española *No intre 1800*.

## ELES E ELAS CÓNTANOLO

# DENDE O PARAÍSO



NOME: Juan Vicente Cañada.

IDADE: 34.

OCUPACIÓN: Profesor de música.

¿POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque me gusta, aínda que non vou moi a miúdo porque non teño tempo.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES:  
*Bar de lágrimas*.



NOME: Helena Sengelow.

IDADE: 33.

OCUPACIÓN: Músico.

¿POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque, como son músico, gústame apoiar as artes escénicas e a música.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES:  
*Historia natural*, de Matarile Teatro.



NOME: Anabel González.

IDADE: 38.

OCUPACIÓN: Funcionaria da Universidade de Vigo.

¿POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque me emociona, porque sinto curiosidade por saber que é o que me van ofrecer, pola obra en concreto e tamén polo traballo dos actores, pero, sobre todo, polas emocións que me poida ofrecer.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES:  
Unha do Lliure (vimos de Vigo ata Santiago a propósito para vela).



#### DAVID COPPERFIELD CÓMPRALLE UN TRUCO AO MAGO ANTÓN

O ilusionista mundialmente coñecido David Copperfield comproulle ao lugués Mago Antón unha das súas creacións, en concreto *Prediction 521*, coa intención de incluíla no seu repertorio e adaptala ao programa de televisión que protagoniza. O truco adquirido, que permite adiviñar números a distancia, espertou o interese de Copperfield, ata o punto de cualificalo como “extraordinario”.

#### EDUARDO ALONSO MONTA O PRIMEIRO ROMEO E XULIETA GALEGO

O director e autor teatral Eduardo Alonso leva ás táboas a primeira adaptación en idioma galego da mítica obra de Shakespeare *Romeo e Xulieta*. O responsable da compañía Teatro do Noroeste, que xa participou con anterioridade en versións doutros textos clásicos, compuxo para esta nova produción un elenco con 10 actores novos, na que os personaxes protagonistas son interpretados por Christian Escuredo (Romeu) e Sara Casanova (Xulieta).

#### TRES DRAMATURGOS OPTAN AO MAX DE MELLOR AUTOR TEATRAL GALEGO

Os dramaturgos Carlos Álvarez-Ossorio, coa obra *A casa do pai*; Gustavo Pernas Cora, con *Final de película*; e José Luis Prieto, con *Carambola: cóncavo convexo*, optan este ano á categoría de Mellor Autor Teatral en Galego incluído nos Premios Max que organiza a Sociedad General de Autores y Editores (SGAE) e que se entregarán en Bilbao o 16 de abril. As tres obras foron escenificadas por compañías galegas, Cámara Negra, Teatro do Noroeste e Noescafé Teatro no caso de *A casa do pai*, Lagarta Lagarta no de *Carambola* e Áncora Producións no de *Final de película*.

#### MÁIS DE 500 ARTISTAS NOVOS DE CIRCO INTÉGRANSE EN FEDERACIÓN

A nova Federación Galega de Novo Círculo integra máis de 500 artistas novos de distintas especialidades coa finalidade de lle dar pulo á difusión e renovación en Galicia de espectáculos protagonizados por clowns, malabaristas, acróbatas e escapistas, entre outras especialidades. A federación integra seis colectivos: Pista Catro (Santiago), Cxírcus Fusion (Ferrol), Manicómicos (A Coruña), Malandraxe (Vigo), Manazas (Ourense) e Cooperactiva (Santiago).

#### KUKAS ESTREA EN MADRID A DONCELA GUERREIRA DE DIESTE

Os monicreques de Kukas, a compañía de marionetas máis antiga de Galicia, estreou no Centro Cultural Conde Duque de Madrid, no marco da Exposición sobre las Misiones Pedagógicas 1931-1936, o espectáculo *A doncela guerreira*, pertencente ao teatro de fantoches de Rafael Dieste. A obra realízouse por encarga da Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais e coa finalidade de reproducir o espírito dos monicreques popular dos seis anos anteriores á Guerra Civil Española.

#### BICOS CON LINGUA, DE TALÍA TEATRO, SUPERA AS 200 REPRESENTACIÓNS

A obra *Bicos con lingua*, que a compañía Talía Teatro estreou en 2003 como compromiso coa normalización lingüística do país, acaba de superar a cifra de 200 representacións. Nestes catro últimos anos, a montaxe percorreu practicamente toda Galicia, mediante a realización de funcións para escolares e para público xeral. Artur Trillo e Toño Casais seguen a interpretar en 2007 este espectáculo baseado en sete textos de autores contemporáneos recollidos no libro *Longa lingua*.

#### A MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA RECIBIU O PREMIO ARTEMAD

A Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT), que este ano chegará a súa vixésimo terceira edición, recibiu un dos premios Artemad 2007, outorgados no marco da III Fería de las Artes Escénicas de Madrid pola Asociación de Empresas Productoras de Artes Escénicas. Para a súa concesión, o xurado valorou o significado do certame galego na promoción e desenvolvemento do teatro.

#### O CDG RECUPERA TARARÁ CHIS-PUM! PARA ESCOLARES E PÚBLICO XERAL

O Centro Dramático Galego (CDG) estreou unha nova versión de *Tarará Chis-Pum!*, a obra escenificada por Artello Teatro en 1978, co obxectivo de amosarlle ás novas xeracións galegas de rapaces e rapazas. Con tal finalidade, a montaxe visitará ata finais de marzo, na recta final da súa distribución, o Fórum Metropolitano da Coruña, o Salón Teatro de Santiago de Compostela, o Teatro Principal da Estrada e máis o Auditorio Municipal de Foz en funcións tanto para escolares como para público familiar.



NOME: Javier Martínez.

IDADE: 27.

OCUPACIÓN: Diseñador gráfico.

¿POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque me gustan as actividades culturais e por recomendacións familiares, xa que o meu cuñado é actor.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES:  
*La tempestad*.



NOME: Dolores Lorenzo.

IDADE: 43.

OCUPACIÓN: Comercial de coches.

¿POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque me gusta ver as personaxes en vivo e en directo, máis que proxectadas como no cine.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES:  
*Cinco horas con Mario*.



NOME: Daniel Noguera.

IDADE: 61.

OCUPACIÓN: Arquitecto.

¿POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque me fai gozar moito.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES:  
*Monólogo del rey pasmado*.



NOME: Mariel Norat.

IDADE: 43.

OCUPACIÓN: Comercial de medios de comunicación.

¿POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque é un vínculo que me fai estar conectada coa realidade cultural e me permite saír da banalidade diaria.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES:  
*Carambola. Cóncavo-convexo*, de Lagarta Lagarta.

# rede galega de salas

**TEATRO DEL ANDAMIO (A Coruña)**  
R/ Alcalde Suárez Ferrín, nº10 (Los Rosales)  
617 266 375  
www.teatrodelandamio.com

**CARAMUXO TEATRO**  
*Historia dunha semente*  
3 (sáb.), 4 (dom.) marzo - 19.00

**AS DRIADAS**  
*Raíces femininas*  
17 (sáb.), 18 (dom.) marzo - 20.30

**LA SONRISA DEL LAGARTO**  
*Prisionero 119.109*  
24 (sáb.), 25 (dom.) marzo - 20.30

**PISANDO OVOS**  
*N8 OHX*  
31 (sáb.) marzo - 20.30  
1 (dom.) abril - 20.30

**TEATRO DO MORCEGO**  
*Lazarillo de Tormes*  
21 (sáb.), 22 (dom.) abril - 20.30

**TEATRO BURATINI**  
*Mensaxe nunha botella*  
28 (sáb.), 29 (dom.) abril - 19.00

**TEATRO DO MORCEGO**  
*Os patios da memoria*  
5 (sáb.), 6 (dom.) maio - 20.30

**TALÍA TEATRO**  
*Quero ser grande*  
12 (sáb.), 13 (dom.) maio - 20.30

**COMPANHÍA SEISDEDOS**  
*Dueto de fio*  
19 (sáb.), 20 (dom.) maio - 19.00

**TEATRO ARTE LIVRE (Vigo)**  
R/ Vázquez Varela, 19  
986 114 444  
www.tal2005.com

**VOLTA E DÁLLE TEATRO**  
*Jalísia, ¡mi madrinal!*  
7 (mc.), 8 (xv.) febreiro - 21.00

**ARELA DAS ARTES**  
*As que matan o sono*  
21 (mc.), 22 (xv.) febreiro - 21.00

**TEATRO BURATINI**  
*Tic Tac. Sons dunha nave*  
18 (dom.) febreiro - 12.00  
25 (dom.) febreiro - 12.00  
4 (ven.) maio - 12.00

**A ÚLTIMA RATA**  
*Opera off*  
2 (ven.), 3 (sáb.) marzo - 22.00  
4 (dom.) marzo - 20.30

**UVE DOBLE TEATRO**  
*O veneno do teatro*  
5 (lun.), 14 (mc.) marzo - 21.00

**TEATRO CACHUZO**  
*Charlie's Angel's sex*  
7 (mc.), 8 (xv.) marzo - 21.00

**TÍTERES EN ACCIÓN**  
*Trastos vellos*  
11 (dom.), 18 (dom.) marzo - 12.00

**JAVIER MARTÍN**  
*Insultos privados*  
21 (mc.), 22 (xv.) marzo - 21.00

**THE PINGA TEATRO**  
*O rei dos mares*  
25 (dom.) marzo - 12.00  
1 (dom.), 8 (dom.), 15 (dom.) abril - 12.00

**CHRISTYAN MAGIC**  
*A maxia vive en ti*  
22 (dom.), 29 (dom.) abril - 12.00

**SAPRISTI**  
*Unha merenda de Alicias*  
6 (dom.), 13 (dom.) maio - 12.00

**EXPERIMENTA DANZA**  
*Imagina que...*  
20 (dom.), 27 (dom.) maio - 12.00

**SALA NASA (Santiago de Compostela)**  
R/ San Lourenzo, 51-53  
981 573 998  
www.salanasa.com

**NUT TEATRO**  
*4.48 psicosis*  
21 (mc.), 22 (xv.), 23 (ven.), 24 (sáb.) febreiro - 22.00  
25 (dom.) febreiro - 20.00

**BACANA**  
*Hendaya, mon amour*  
29 (xv.), 30 (ven.), 31 (sáb.) marzo - 22.00  
1 (dom.) abril - 22.00

**PISANDO OVOS**  
*No intre 1880*  
9 (mc.), 10 (xv.), 11 (ven.), 12 (sáb.) maio - 22.00

**NUT TEATRO**  
*Corpos disidentes*  
23 (mc.), 24 (xv.), 25 (ven.), 26 (sáb.) maio - 22.00

**TEATRO DEL ANDAMIO**  
*Yepeto*  
31 (xv.) maio - 22.00  
1 (ven.), 2 (sáb.) xuño - 22.00

**SALA YAGO (Santiago de Compostela)**  
R/ do Vilar, 51-53  
981 589 288  
www.salayago.com

**TANIT TEATRO**  
*Anatol, aprendiz titiriteiro*  
4 (dom.) febreiro - 12.30  
5 (lun.) febreiro - 11.00

**CASA HAMLET**  
*Cantos troianos*  
8 (xv.), 9 (ven.) febreiro - 20.30  
10 (sáb.) febreiro - 22.30  
11 (dom.) febreiro - 19.00

**TEATRO ARBOLÉ**  
*Blancanieves*  
11 (dom.) febreiro - 12.30  
12 (lun.) febreiro - 11.00

**ARELA DAS ARTES**  
*As que matan o sono*  
15 (xv.), 16 (ven.) febreiro - 20.30  
17 (sáb.) febreiro - 22.30  
18 (dom.) febreiro - 19.00

**LIBÉLULA**  
*El paladín de Francia*  
25 (dom.) febreiro - 12.30  
26 (lun.) febreiro - 11.00

**TALÍA TEATRO**  
*Bicos con lingua*  
7 (mc.), 8 (xv.), 14 (mc.),  
15 (xv.) marzo - 10.30

**TEATRO BUFFO**  
*Viva Rodari*  
18 (dom.) marzo - 12.30  
19 (lun.) marzo - 11.00

**TEATRO GALILEO**  
*Rosso Profondo in punto di morte*  
22 (xv.), 23 (ven.) marzo - 20.30  
24 (sáb.) marzo - 22.30  
25 (dom.) marzo - 19.00

**NOVE DOUS**  
*Fóra de xogo*  
21 (xv.), 22 (ven.) xuño - 20.30  
23 (sáb.) xuño - 22.30  
24 (dom.) xuño - 19.00

**TEATRO ENSALLE (Vigo)**  
R/ Chile, 15, baixo  
986 485 609  
www.teatroensalle.com

**DANIEL ABREU**  
*Ojos de pez*  
17 (sáb.) febreiro - 22.00  
18 (dom.) febreiro - 21.00

**ERRE QUE ERRE**  
*Dress-code*  
23 (ven.), 24 (sáb.) marzo - 22.00  
25 (dom.) marzo - 21.00

**PISANDO OVOS**  
*N8 OHX*  
20 (ven.), 21 (sáb.) abril - 22.00  
22 (dom.) abril - 21.00

**CAMBALEO TEATRO**  
*Al pie de la letra*  
1 (ven.), 2 (sáb.) xuño - 22.00  
3 (dom.) xuño - 21.00


**MATARILE TEATRO**  
*Truenos y misterios*  
7 (xv.) xuño - 21.00  
8 (ven.) xuño - 22.00

Primeira programación 2007

870 concertos

72 grupos

43 salas



# Rede Galega de Música **AO VIVO**

PROGRAMACIÓN EN: ✓ <http://culturaedeporte.xunta.es>  
✓ [www.igaem.xunta.es](http://www.igaem.xunta.es)



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

**IGAEM**

instituto galego  
das artes escénicas  
e musicais

**clubtura**  
asociación galega de clubs de música ao vivo



Rede Galega de  
Música **AO VIVO**

ARTEIXO  
BETANZOS  
CARBALLO  
CEE  
A CORUÑA  
CULLEREDO  
OLEIROS  
SADA

CARIÑO  
CEDEIRA  
FERROL  
NARÓN  
ORTIGUEIRA  
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ  
SAN SADURNIÑO

AMES  
BOIRO  
A ESTRADA  
LALÍN  
MUROS  
NOIA  
SANTIAGO  
SILLEDA

LUGO  
MONFORTE DE LEMOS  
VILALBA

BURELA  
FOZ  
RIBADEO  
VIVEIRO

O BARCO  
O CARBALLIÑO  
OURENSE  
TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE

CANGAS  
GONDOMAR  
PONTEAREAS  
REDONDELA  
TUI  
VIGO  
VIGO. CAIXANOVA

CAMBADOS  
PONTEVEDRA  
SANXENXO  
VILAGARCÍA DE AROUSA  
VILANOVA DE AROUSA



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

80 formacións artísticas  
92 espectáculos  
379 funcións

**ponte en  
escena!!**

Programación xaneiro-xuño 2007

Teatro de actor

Teatro de monicreques

Maxía

Música de cámara

Danza